

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS
INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2022

— CAPÍTULO 5 —



CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS
INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2022

— CAPÍTULO 5 —

A MULLER NO MUNDO LABORAL



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

EDITA: Consello Galego de Relacións
Laborais (CGRL)
Algalia de Abaixo, 24
Tel.: 981 541 601
Santiago de Compostela

ISSN: 2386-2866

CERTIFICACIÓN:

Cristina Fabeiro Varela
Secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais

CERTIFICA

Que no pleno extraordinario realizado o 02/11/2023 acordouse
tomar en consideración e publicar o Informe sobre a situación
sociolaboral de Galicia en 2022, elaborado por encargo do
Consello Galego de Relacións Laborais

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2023

MARTA PUEBLA VILARIÑO
XEFA DE SECCIÓN DE PRESTACIÓNS DA DIRECCIÓN PROVINCIAL
DO SEPE DA CORUÑA

INTRODUCCIÓN

5.1. A MULLER NA POBOACIÓN GALEGA

CADRO 5.1. POBOACIÓN DE GALICIA E ESPAÑA. POR SEXO E PROVINCIAS. PADRÓN MUNICIPAL A 1 DE XANEIRO DE 2023. PERÍODO 2019-2022

CADRO 5.2. POBOACIÓN ESPAÑA E UE. PORCENTAXE DE MULLERES. 2016-2022

CADRO 5.3. POBOACIÓN E ÍNDICE DE FEMINEIDADE. 1996-2022

CADRO 5.4. POBOACIÓN DE GALICIA. POR IDADE E SEXO. 2019-2022

CADRO 5.5. NACEMENTO SEGUNDO O SEXO DO/A NACIDO/A. 1984-2021. GALICIA

CADRO 5.6. POBOACIÓN EXTRANXEIRA. PORCENTAXE DE MULLERES. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2010-2022

5.2. MULLER E ACTIVIDADE ECONÓMICA DE MERCADO

5.2.1. INTRODUCCIÓN

CADRO 5.7. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DA POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS. POLA RELACIÓN COA ACTIVIDADE ECONÓMICA. POR SEXO E PROVINCIA. 2018-2022

5.2.2. ACTIVIDADE E INACTIVIDADE

CADRO 5.8. TAXA DE ACTIVIDADE POR SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMA. 2018-2022

CADRO 5.9. POR CLASE DE INACTIVIDADE, SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMA. 2022

CADRO 5.10. POBOACIÓN INACTIVA POR GRUPO DE IDADE, SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMA. VALORES ABSOLUTOS. UNIDADE: MILES. GALICIA 2020-2022

5.2.3. EMPREGO E DESEMPREGO

CADRO 5.11. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DA POBOACIÓN OCUPADA POR SECTOR ECONÓMICO. COMUNIDADE AUTÓNOMA E SEXO. 2022

CADRO 5.12. TAXAS DE DESEMPREGO. POR SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMA. 2022-2016

CADRO 5.13. POBOACIÓN DE EMPREGO. POR SEXOS. 2021-2022

5.3. DEMANDAS DE EMPREGO E PARO REXISTRADO

CADRO 5.14. PARO REXISTRADO. POR IDADE E XÉNERO. GALICIA. 2022

CADRO 5.15. NÚMERO DE DEMANDANTES DE EMPREGO. POR NIVEL DE FORMACIÓN E SEXO. GALICIA. 2022

CADRO 5.16. DEMANDAS DE EMPREGO PENDENTES DE DEMANDANTES EN PARO. SEGUNDO GRUPO PRINCIPAL DE OCUPACIÓN. GALICIA. DECEMBRO 2022

CADRO 5.17. POBOACIÓN DESEMPREGADA. POR SECTOR ECONÓMICO E SEXO. GALICIA. 2022

CADRO 5.18. DEMANDAS DE EMPREGO PENDENTES DE DEMANDANTES EN PARO. SEGUNDO IDADE E DURACIÓN DA DEMANDA E SEXO. GALICIA. DECEMBRO 2022

CADRO 5.19. BAIXAS DE DEMANDAS DE EMPREGO. SEGUNDO CAUSA DA BAIXA. POR SEXO E PROVINCIAS. GALICIA. DECEMBRO 2022

5.4. CONTRATOS DE TRABALLO

CADRO 5.20. CONTRATOS REXISTRADOS SEGUNDO XÉNERO E MODALIDADE DO CONTRATO DO NIVEL DE FORMACIÓN. GALICIA. 2019-2022

CADRO 5.21. CONTRATOS REXISTRADOS NOS CATRO GRANDES SECTORES DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (CLASIFICACIÓN CNAE 2009) POR SEXO. GALICIA. 2021-2022

CADRO 5.22. CONTRATOS SECTORIAIS POR SECCIÓNS (CLASIFICACIÓN CNAE) E SEXO. GALICIA. 2021-2022

CADRO 5.23. TIPOLOXÍA CONTRACTUAL POR SEXO. GALICIA. 2020-2022

5.5. FORMACIÓN

CADRO 5.24. ALUMNADO MATRICULADO EN CICLO FORMATIVO DE FP GRAO SUPERIOR, POR SEXO. GALICIA. CURSO 2020/2022

CADRO 5.25. ENSINO NON UNIVERSITARIO. ALUMNADO MATRICULADO EN BACHARELATO, POR SEXO. GALICIA. CURSO 2020/2022

CADRO 5.26. ABANDONO EDUCATIVO TEMPERÁN. POBOACIÓN ENTRE 18 E 24 ANOS (AMBOS INCLUSIVE) QUE NON COMPLETOU O NIVEL DE EDUCACIÓN SECUNDARIA SEGUNDA ETAPA E NON SEGUE NINGÚN TIPO DE FORMACIÓN (REGRADA OU NON REGRADA). GALICIA 2010-2022

CADRO 5.27. ALUMNADO MATRICULADO EN ENSINO UNIVERSITARIO, SEGUNDO RAMA DE COÑECEMENTO E SEXO. GALICIA. CURSO 2022

CADRO 5.28. ESTUDANTES TITULADOS/AS NAS UNIVERSIDADES GALEGAS POR SEXO. GALICIA. CURSO 2022

5.6. PODER E TOMA DE DECISIÓNS

CADRO 5.29. DISTRIBUCIÓN POR SEXO DE ALTOS CARGOS DA ADMINISTRACIÓN DO ESTADO EN PORCENTAXE DE MULLERES. CURSO 2022/2017

CADRO 5.30. MULLERES NO GOBERNO EN %

CADRO 5.31. COMPOSICIÓN DOS PARLAMENTOS AUTONÓMICOS. 2010-2022*

CADRO 5.32. PARTICIPACIÓN DA MULLER NA COMISIÓN EUROPEA. 2018-2022

CADRO 5.33. MULLERES NOS PARLAMENTOS NACIONAIS DOS PAISES EUROPEOS. 2020

CADRO 5.34. REPRESENTACIÓN DE MULLERES EN DIVERSOS ÓRGANOS CONSTITUCIONAIS. ESPAÑA 2022

5.7. CONCILIACIÓN ENTRE A VIDA LABORAL E FAMILIAR

CADRO 5.35. EXCEDENCIA POR COIDADOS FAMILIARES. GALICIA/ESPAÑA. 2021-2022

CADRO 5.36. NÚCLEOS FAMILIARES MONOPARENTAIS. POR SEXO EN MILES. 2015-2021

CADRO 5.37. EXCEDENCIAS POR COIDADO DE FILLAS E/OU FILLOS. GALICIA/ESPAÑA. 2011-2022

CADRO 5.38. POBOACIÓN OCUPADA A TEMPO PARCIAL POR MOTIVO DA XORNADA PARCIAL. ESPAÑA. 2016-2022

5.8. SALARIOS

CADRO 5.39. POBOACIÓN ASALARIADA POR SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMAS. 2020-2021

CADRO 5.40. SALARIOS MEDIOS POR SECTOR DE ACTIVIDADE ECONÓMICA E SEXO. GALICIA/ESPAÑA. 2021

CADRO 5.41. POBOACIÓN ASALARIADA POR TRAMOS DE SALARIO E SEXO. GALICIA. 2019-2021

CADRO 5.42. SALARIO BRUTO ANUAL POR TIPO DE CONTRATO (EUROS). POR SEXO E COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2021

5.9. PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO

CADRO 5.43. PRESTACIÓN MEDIA ANUAL. SEGUNDO SEXO E IDADE. ESPAÑA. 2018-2021

CADRO 5.44. PERCEPCIÓNS MEDIAS DE PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO. POR SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMA DA PERSOA PERCEPTORA. GALICIA/ESPAÑA. 2020-2021

CADRO 5.45. POBOACIÓN DESEMPREGADA E PRESTACIÓNS MEDIAS POR NACIONALIDADE E SEXO DA PERSOA PERCEPTORA. GALICIA/ESPAÑA. 2020-2021

5.10. PENSIÓNS

CADRO 5.46. PENSIÓN CONTRIBUTIVAS E IMPORTE MEDIO E PENSIONISTAS SEGUNDO CLASE, POR SEXO. GALICIA. 2021-2022

CADRO 5.47. PENSIONISTAS, PERCEPCIÓNS DE PENSIÓNS MEDIAS POR SEXO E TRAMO DE PENSIÓN. ESPAÑA. 2021

CADRO 5.48. PENSIÓN MEDIA ANUAL POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS E SEXO. EJERCICIO 2020-2021

INTRODUCCIÓN

Na exposición de motivos da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, dise: “ O artigo 14 da Constitución Española proclama o dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo. Pola súa banda o artigo 9.2 consagra a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais ou efectivos”.

A igualdade é así mesmo un principio fundamental na UE no que se refire ao acceso ao emprego, formación, promoción profesional e condicións de traballo. A violencia de xénero, a discriminación salarial, a discriminación nas pensións de viuvez, o maior desemprego feminino, a escasa presenza das mulleres en postos de responsabilidade política, social, cultural e económica, ou os problemas de conciliación entre a vida persoal, laboral e familiar, mostran que a igualdade plena e efectiva aínda non se conseguiu.

O Título IV da citada Lei orgánica ocúpase do dereito ao traballo en igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no acceso ao emprego, na formación profesional e nas condicións de traballo e contempla especificamente o de negociar plans de igualdade nas empresas de máis de 151 e ata 250 persoas traballadoras dende 07/03/2020 e ata 07/03/2021, do 07/03/2021 e ata 06/03/2022 será obrigatorio en empresas entre 101 e 150 persoas traballadoras e dende 07/03/2022 serao para empresas de entre 50 e 100 persoas traballadoras.

As recomendacións que se fan a España están orientadas a aumentar os incentivos para que as mulleres participen no mercado de traballo e incrementar a dispoñibilidade e accesibilidade dos servizos para o coidado de fillas e fillos e doutras persoas dependentes.

A situación de desigualdade da muller segue sendo palpable non só en España e Europa, senón no resto do mundo. A OIT puxo a voz de alarma sobre a feminización da pobreza, resultado, en parte, das diferenzas de xénero no ámbito laboral. Aumenta o número de mulleres que acceden ao emprego pero tamén aumenta o número de mulleres no paro. A taxa de actividade das mulleres españolas está por debaixo das europeas e a taxa de emprego feminino, aínda que mellorou moito nos últimos anos, aínda é máis baixa que a das mulleres europeas. A taxa de paro feminino, que tende a reducir distancias coa masculina, segue sendo elevada.

As diferenzas salariais entre homes e mulleres na media da UE fóronse reducindo progresivamente. En España a evolución foi mínima, non só se manteñen unhas grandes diferenzas salariais por razón de sexo, senón que a porcentaxe de mulleres con ingresos anuais superiores a 30.000 euros é moi reducida.

Ao longo deste capítulo queremos deixar reflexo da necesidade de adoptar medidas que reduzan as dificultades da muller para acceder e manter o emprego, a temporalidade, a precariedade, a desigualdade salarial e dificultades para conciliar a vida familiar, laboral e persoal. A estes elementos debe unirse a importante segregación ocupacional por sexos, o emprego feminino céntrase en determinadas ramas de actividade (segregación horizontal) e en determinadas categorías profesionais (segregación vertical).

Máis complicado parece que desapareza o “teito de cristal” ou “chan pegañento”: barreira invisible formada por unha complexa trama de estruturas en organizacións dominadas por homes, que impiden que as mulleres accedan a postos de gran responsabilidade e recoñecemento social, e que en moitos casos crean que o elixiron elas libremente. Así como o chamado “pacto entre homes”, polo cal se son os homes (por ocupar postos de responsabilidade) os encargados de seleccionar as persoas traballadoras é máis probable que seleccionen a un igual e polo tanto a un home.

5.1. A MULLER NA POBOACIÓN GALEGA

Neste capítulo atenderemos o mercado de traballo de Galicia dende a perspectiva da posición que nel ocupan as mulleres. Comezaremos este achegamento á problemática da muller no mercado de traballo galego analizando a participación relativa da muller na poboación galega.

As mulleres son maioría na poboación galega (así como na de cada unha das súas provincias) e na española, como se comproba co [cadro 5.1](#).

En Galicia en 2022 por cada 100 homes hai 107,8 mulleres; o dato na Coruña é de 108,8, en Lugo de 106,2; en Ourense de 108,3 e en Pontevedra de 107,1 (todos por enriba da media española: 104,1).

CADRO 5.1. POBOACIÓN DE GALICIA E ESPAÑA. POR SEXO E PROVINCIAS. PADRÓN MUNICIPAL A 1 DE XANEIRO DE 2023. PERÍODO 2019-2022

	2019			2020			2021			2022		
	Ambos sexos	Varóns	Mulleres	Ambos sexos	Varóns	Mulleres	Ambos sexos	Varóns	Mulleres	Ambos sexos	Varóns	Mulleres
España	47.026.208	23.042.428	23.983.780	47.344.649	24.140.758	23.203.891	47.435.597	23.146.007	24.189.590	48.059.777	23.542.333	24.517.444
Galicia	2.699.499	1.298.964	1.400.535	2.694.245	1.296.603	1.397.643	2.689.152	1.294.060	1.395.092	2.699.716	1.298.966	1.400.750
A Coruña	1.119.596	536.470	583.126	1.119.545	536.707	582.839	1.118.601	536.277	582.324	1.123.367	538.056	585.311
Lugo	329.587	159.686	169.901	325.851	157.826	168.025	323.830	156.895	166.935	323.904	157.089	166.815
Ourense	307.651	147.522	160.129	304.910	146.326	158.584	303.984	145.914	158.070	304.819	146.316	158.503
Pontevedra	942.665	455.286	487.379	943.939	455.744	488.194	942.737	454.974	487.763	947.626	457.505	490.121

Fonte: INE, Padrón de habitantes a 1 de xaneiro de 2023.

No [cadro 5.2](#) constatamos que no ano 2022 había na Unión Europea aproximadamente 51,12% de poboación feminina.

CADRO 5.2. POBOACIÓN ESPAÑA E UE. PORCENTAXE DE MULLERES. 2016-2022

	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
EU 27	51,13	51,11	51,1	51,09	51,1	51,13	51,12
España	50,89	50,92	50,96	51	50,98	51	51


Fonte: Eurostat.

A porcentaxe de mulleres sobre a poboación total dende 1996 figura no [cadro 5.3](#).

CADRO 5.3. POBOACIÓN E ÍNDICE DE FEMINEIDADE. 1996-2022

ANO	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Índice de femineidade
2022	48.059.777	24.517.444	23.542.333	104,14
2021	47.344.649	24.189.590	23.246.007	104,03
2020	47.344.649	24.140.758	23.203.891	104,03
2019	47.026.208	23.983.780	23.042.428	104,08
2018	47.022.572	23.776.565	22.881.882	103,91
2017	46.621.153	23.739.271	22.832.861	103,97
2016	46.546.259	23.713.398	22.843.610	103,81
2015	46.577.609	23.733.999	22.890.383	103,69
2014	47.771.341	23.785.665	22.985.676	103,48
2013	47.129.783	23.933.397	23.196.386	103,18
2012	47.265.321	23.966.965	23.298.356	102,87
2011	47.190.493	23.907.306	23.283.187	102,68
2010	47.021.031	23.794.846	23.226.185	102,45
2009	46.745.807	23.628.819	23.116.988	102,21
2008	46.157.822	23.310.085	22.847.737	102,02
2007	45.200.737	22.860.775	22.339.962	102,33
2006	44.708.964	22.608.498	22.100.466	102,30
2005	44.108.530	22.327.661	21.780.869	102,51
2004	43.197.684	21.912.437	21.285.247	102,95
2003	42.717.064	21.682.738	21.034.326	103,08
2002	41.837.894	21.273.805	20.564.089	103,45
2001	41.116.842	20.951.328	20.165.514	103,90
2000	40.499.791	20.678.407	19.821.384	104,32
1999	40.202.160	20.531.518	19.670.642	104,32
1998	39.852.651	20.364.186	19.488.465	104,49
1996	39.669.394	20.269.845	19.399.549	104,49

Fonte: INE, Padrón municipal de habitantes.



A distribución por sexo de cada un dos grupos de idade en Galicia pode verse no [cadro 5.4](#), que pon de manifesto que:

- Os homes son maioría no grupo de idade de 0 a 15 anos e case igual no grupo de 16 a 64 anos.
- As mulleres son maioría no outro grupo de idade e a diferenza a favor das mulleres vaise abrindo progresivamente á medida que avanzamos na idade.


A maior esperanza de vida das mulleres e a maior emigración dos homes están, sen dúbida, entre os factores explicativos.

CADRO 5.4. POBOACIÓN DE GALICIA. POR IDADE E SEXO. 2019-2022												
Idade	Galicia 2019			Galicia 2020			Galicia 2021			Galicia 2022		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres
0-15 anos	338.788	174.521	164.267	333.250	171.542	161.708	333.678	171.770	161.908	327.964	168.958	159.006
16-64 anos	1.673.836	831.135	842.661	1.666.962	827.750	839.212	1.667.827	828.175	839.652	1.659.870	824.481	835.389
65 e mais	687.685	293.715	393.970	694.033	297.310	396.723	694.140	297.357	396.784	702.630	301.269	401.361
Total	2.700.309	1.299.371	1.400.898	2.694.245	1.296.602	1.397.643	2.695.645	1.297.302	1.398.344	2.690.464	1.294.708	1.395.756

Fonte: INE, Padrón municipal de habitantes.

Para ver se a primacía numérica da muller en Galicia se asenta en motivos biolóxicos ou hai unha causalidade social, pode observarse no [cadro 5.5](#) que nos últimos 40 anos en todos e cada un dos anos naceron en Galicia máis homes que mulleres. Destacaremos os seguintes aspectos:

- O importante descenso dos nacementos tocou fondo en 1998, ano no que o total de nacementos non chegou á metade dos de 1980 (quedou no 47,3%).
- No ano 2003 recuperouse o nivel dos 20.000 nacementos (por vez primeira dende 1993) e en 2008 chegouse aos 23.281 nacementos, para volver diminuír a partir dese ano.
- Da diferenza entre homes e mulleres do ano 1980 (1.384 persoas) pasouse na actualidade a 248 nenos máis que nenas en 2020 y 374 en 2021 (último dato dispoñible).



No [cadro 5.6](#) compróbase que Galicia é a una comunidade autónoma na que a porcentaxe de mulleres estranxeiras sobre o total da poboación estranxeira supera a media estatal en máis de dos puntos.

CADRO 5.6. POBOACIÓN EXTRANXEIRA. PORCENTAXE DE MULLERES. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2010-2022													
	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
España	47,83	47,86	48,13	48,53	48,84	49,05	49,30	49,59	49,86	49,93	49,48	49,86	49,88
Andalucía	47,86	47,92	48,16	48,64	48,64	48,93	48,90	48,95	49,21	49,50	49,53	49,40	49,41
Aragón	45,70	45,71	46,19	46,59	47,42	47,74	48,27	49,04	49,41	49,30	48,96	48,90	48,88
Asturias	50,80	50,81	50,77	51,70	51,62	52,66	52,95	53,23	53,44	53,44	53,75	53,90	53,87
Baleares	48,64	48,71	48,84	49,23	49,54	49,71	49,89	49,95	49,91	49,40	49,39	49,70	49,70
Canarias	49,25	49,26	49,41	49,53	49,66	49,77	49,91	49,93	50,16	50,50	50,55	50,50	50,58
Cantabria	49,29	49,36	49,77	40,17	50,31	50,73	51,38	51,88	52,03	51,30	52,39	52,10	52,12
Castela e León	47,59	47,64	47,84	48,51	48,90	48,90	49,89	50,31	50,76	51,00	51,09	50,90	50,90
Castela-A Mancha	45,56	45,61	45,87	46,51	47,00	47,65	48,18	48,58	48,94	49,10	49,12	49,00	49,03
Cataluña	46,46	46,49	46,86	47,34	47,65	47,86	48,08	48,45	48,71	48,71	48,24	48,30	48,34
C. Valenciana	47,68	47,70	47,80	48,10	48,40	48,58	48,81	49,25	49,52	49,60	49,71	49,90	49,91
Extremadura	47,78	47,80	48,00	48,51	48,77	49,35	49,82	50,35	50,82	51,58	51,82	51,70	51,78
Galicia	49,61	49,66	49,31	49,63	49,88	50,09	50,60	50,74	50,74	52,03	52,11	51,90	51,97
Madrid	50,30	50,31	50,86	51,20	51,52	51,73	52,14	52,42	52,67	52,80	52,72	52,60	52,62
Murcia	44,09	44,12	44,48	44,93	45,18	45,33	45,50	45,55	45,66	45,90	45,92	45,90	45,94
Navarra	46,02	46,07	46,63	47,13	47,38	47,87	48,08	48,64	49,24	49,50	49,52	49,50	49,52
País Vasco	48,58	48,58	48,55	48,97	49,32	49,35	49,54	49,63	49,96	50,20	49,87	49,70	49,67
A Ríoxa	46,46	46,47	47,04	47,65	48,79	49,42	49,83	50,18	50,45	50,40	50,26	50,50	50,45
Ceuta	49,64	49,70	49,14	48,25	49,37	49,83	49,99	50,33	49,74	50,50	51,51	52,80	52,75
Melilla	46,52	46,61	46,32	46,69	48,80	49,28	49,50	50,04	50,13	50,30	51,20	52,50	52,57

Fonte: INE, explotación estatística do Padrón.

5.2. MULLER E ACTIVIDADE ECONÓMICA DE MERCADO

5.2.1. INTRODUCCIÓN

Só nas últimas décadas a muller comezou a incorporarse maioritariamente en Galicia á actividade económica “de mercado”, posto que tradicionalmente realizou un importante traballo, pero non retribuído senón ligado prioritariamente á esfera doméstica (incluíndo ademais dos labores do fogar o coidado dos nenos e nenas, das persoas con discapacidade etc.).

A invisibilidade deste traballo, que non computa na xeración do PIB, comezou a ceder paso no último cuarto de século por unha incorporación á vida activa similar á masculina nos grupos de idade máis novos, pero queda moito camiño por andar para que poidamos falar dun mercado laboral realmente equilibrado por sexos.

Xa vimos no apartado anterior que as mulleres, malia ser máis que os homes, son moitas menos na poboación activa (e moi especialmente na ocupada), mentres que son maioría na poboación desempregada e na inactiva.


Podemos complementar ese cadro co [cadro 5.7](#), que detalla para as provincias galegas a distribución porcentual da poboación. Destacaremos que:

- A taxa de actividade maior alcánzana os homes na provincia da Pontevedra (54%) e a menor é a das mulleres en Ourense (46,1%)
- A provincia con menor taxa de actividade masculina, Ourense (48,6%), está por debaixo, en case 6 puntos porcentuais, da de Pontevedra. A que ten maior taxa de actividade feminina é A Coruña 49,9% , seguida de Pontevedra (49,5%). A taxa máis baixa está en Ourense con 46,1%.
- A taxa de actividade en Galicia no grupo de mulleres só chega ao 49,2% (48,3% en 2021) fronte ao 57% de homes, mellorando con respecto a 2021.
- A taxa máis alta de desemprego no colectivo feminino e masculino encontrámola en Pontevedra tanto no grupo de homes (11,2%) coma no de mulleres 14,4%(16,3% en 2021).
- A taxa de desemprego máis baixa tanto en homes (8,8%) coma en mulleres (8,9%) é a de Lugo.

CADRO 5.7. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DA POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS. POLA RELACIÓN COA ACTIVIDADE ECONÓMICA. POR SEXO E PROVINCIA. 2018-2022

	Taxas de actividade					Taxas de desemprego				
	2018	2019	2020	2021	2022	2018	2019	2020	2021	2022
Homes										
A Coruña	59,20	59,60	57,60	57,70	53,60	11,90	9,00	10,30	10,00	9,40
Lugo	55,60	56.1	55,20	56,20	51,80	7,60	7.9	7,50	9,40	8,80
Ourense	51,60	50.7	52,00	52,40	48,60	12,40	11,60	10,70	10,30	10,40
Pontevedra	58,30	58.1	58,80	58,20	54,00	14,70	12.3	12,70	11,70	11,20
Galicia	57,50	57.6	57,10	57,10	57,00	12,40	10.3	10,90	10,60	10,10
Mulleres										
A Coruña	50,80	50,40	48,70	48,30	49,90	12,60	11,70	12,20	11,30	10,80
Lugo	48,00	48,40	47,50	48,70	49,40	10,90	11.8	10,20	8,60	8,90
Ourense	44,70	45.0	43,20	44,30	46,10	15,20	14,20	12,80	11,90	12,50
Pontevedra	49,70	49,00	48,10	49,40	49,50	17,50	15,50	15,70	16,30	14,40
Galicia	49,40	49,10	47,70	48,30	49,20	14,40	13,30	13,20	12,80	12,00

Fonte: IGE-INE, EPA 28-04-2023.



5.2.2. ACTIVIDADE E INACTIVIDADE

A moito menor taxa de actividade das mulleres en Galicia (e en cada unha das súas provincias) en relación coa dos homes xa foi obxecto de estudo no capítulo 4; para completar esa análise presentamos no [cadro 5.8](#) as taxas de actividade de homes e mulleres en cada unha das CC.AA. Destacaremos que:

- A taxa de actividade feminina está en Galicia máis de 4 puntos porcentuais por baixo da media española.
- A taxa de actividade masculina en Galicia supera en máis de 7 puntos á feminina, pero está case 7 puntos por debaixo da media estatal para o grupo de homes.

CADRO 5.8. TAXA DE ACTIVIDADE POR SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMA. 2018-2022

	Varóns					Mulleres				
	2018	2019	2020	2021	2022	2018	2019	2020	2021	2022
España	64,55	64,24	63,30	63,65	63,53	53,06	53,53	53,35	53,93	53,79
Andalucía	63,96	63,31	63,45	63,51	62,02	50,10	50,24	50,22	51,85	51,02
Aragón	64,54	65,17	63,45	63,03	63,59	53,01	53,66	53,54	54,81	53,46
Asturias	55,04	54,98	54,71	55,42	54,76	46,92	46,98	46,09	45,14	46,56
Baleares	69,87	67,88	66,15	64,80	66,98	59,06	56,93	57,49	58,08	55,25
Canarias	65,48	65,65	61,12	63,40	64,35	55,48	55,80	53,86	56,11	54,05
Cantabria	60,76	60,66	58,67	65,72	58,75	49,24	51,12	49,86	49,13	50,04
Castela-A Mancha	66,06	65,16	65,28	59,31	66,10	51,43	51,91	51,87	52,43	52,80
Castela e León	60,59	60,92	59,36	65,72	59,23	48,68	49,92	49,21	49,46	50,40
Cataluña	66,61	66,48	65,67	65,13	65,03	56,26	56,95	56,91	57,64	56,64
C. Valenciana	64,90	64,71	62,64	63,54	64,68	52,47	52,54	52,72	53,09	54,34
Extremadura	62,61	62,14	59,78	61,68	61,11	48,17	49,34	50,18	48,28	49,93
Galicia	57,52	57,58	56,91	56,98	56,17	49,38	49,06	48,07	48,19	49,49
Madrid	68,41	68,05	67,62	67,88	67,54	57,93	59,21	59,48	58,72	59,31
Murcia	66,50	66,68	66,16	67,27	66,32	52,22	52,70	51,55	52,85	53,07
Navarra	63,44	63,29	62,73	63,24	64,12	54,88	54,13	53,55	54,59	54,70
País Vasco	61,33	59,78	59,19	60,85	62,15	51,61	52,13	52,10	53,15	51,25
A Ríoxa	63,79	63,60	64,44	63,79	64,40	54,69	54,96	54,59	55,85	55,23
Ceuta	65,72	68,39	62,57	63,73	70,45	52,20	48,88	49,60	49,27	57,17
Melilla	70,61	63,60	72,91	67,25	63,40	54,50	52,77	58,17	60,24	54,16

Unidades: Porcentaxe.
Fonte: INE, EPA 4º trimestre de 2022.

Focalizando o estudo na perspectiva de xénero o [cadro 5.9](#) pon de manifesto que:

- A principal situación de inactividade da muller galega deixa de ser “labores do fogar” co 23,5% (24,4% en 2021 e 27% en 2020) e pasa ao primeiro posto “xubilación ou prexubilación” (36,1%).
- A principal situación de inactividade dos homes en Galicia é a de “xubilación ou prexubilación” (co 61,2% da poboación inactiva), mentres que nas mulleres é de 36,1%. A pequena proporción de mulleres que realizaron en décadas anteriores un traballo retribuído é a explicación principal deste importante desaxuste, que contribúe a que ser muller de idade avanzada constituía hoxe un dos principais factores de risco para formar parte das bolsas de pobreza.
- O 15,5% das inactivas galegas son estudantes e a porcentaxe ascende ao 17,8% entre os homes.
- O cobramento das pensións de viuvez prioritariamente por mulleres (xa que en décadas anteriores as persoas cotizantes á Seguridade Social eran en proporción moi maioritaria homes) explica que a porcentaxe de mulleres perceptoras de pensións diferentes ás ligadas á xubilación é máis de 14 puntos maior que nos homes.

CADRO 5.9. POR CLASE DE INACTIVIDADE, SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMA.
2022

	Total	Estudiante	Xubilado/a ou prexubilado/a	Labores do fogar	Incapacitado/a permanente	Perceptor/a pensión distinta da xubilación (ou prexubilación)	Outras situacións ⁽¹⁾
Homes							
España	100	22,1	57,6	5,9	6,7	3,5	4,3
Andalucía	100	24,0	51,5	7,1	9,0	3,2	5,1
Aragón	100	20,1	67,3	3,0	5,1	1,9	2,7
Asturias	100	14,6	67,1	5,5	6,3	3,8	2,6
Baleares	100	23,8	48,6	11,4	4,1	3,8	8,4
Canarias	100	20,6	49,7	10,9	9,3	4,6	5,0
Cantabria	100	21,3	57,4	4,7	7,8	4,0	4,8
Castela e León	100	17,9	67,9	4,2	4,9	2,6	2,5
Castela-A Mancha	100	23,5	59,4	4,9	5,8	3,2	3,2
Cataluña	100	21,6	58,3	5,2	5,1	4,3	5,5
C. Valenciana	100	21,5	60,0	5,0	7,2	2,4	3,9
Extremadura	100	20,2	57,5	6,0	6,8	5,2	4,3
Galicia	100	17,9	61,2	5,3	6,0	5,1	4,5
Madrid	100	26,3	56,5	5,7	5,7	2,8	2,9
Murcia	100	26,2	52,0	7,0	6,5	4,6	3,8
Navarra	100	25,6	58,9	3,5	5,2	3,8	3,0
País Vasco	100	19,3	63,5	3,6	7,5	2,8	3,2
A Ríoxa	100	21,5	62,8	5,4	4,6	2,0	3,6
Ceuta	100	26,5	43,0	7,6	10,8	6,3	5,7
Melilla	100	33,5	44,9	2,6	0,4	9,8	8,8
Mulleres							
España	100	18,3	28,0	31,3	4,2	16,3	1,9
Andalucía	100	19,6	21,2	34,1	6,2	16,9	1,9
Aragón	100	19,3	28,5	29,5	4,5	16,7	1,4
Asturias	100	12,2	30,4	31,4	4,4	20,1	1,4
Baleares	100	16,4	28,8	38,3	2,4	12,3	1,8
Canarias	100	22,2	19,7	35,0	7,0	13,5	2,5
Cantabria	100	16,5	25,7	34,0	3,8	18,8	1,3
Castela e León	100	16,9	27,1	34,8	2,9	17,4	0,8
Castela-A Mancha	100	20,0	18,0	41,9	4,2	14,3	1,6
Cataluña	100	16,5	36,4	25,7	3,4	15,3	2,7
C. Valenciana	100	17,7	31,8	28,5	3,7	15,7	2,6
Extremadura	100	18,2	19,8	34,6	3,6	21,5	2,3
Galicia	100	15,5	36,1	23,5	3,7	19,6	1,4
Madrid	100	19,3	29,6	31,8	3,0	14,8	1,5
Murcia	100	20,3	23,0	363,6	3,6	15,2	1,2
Navarra	100	22,1	30,7	27,4	3,3	15,3	1,1
País Vasco	100	18,5	28,5	28,5	4,7	18,7	1,1
A Ríoxa	100	19,9	32,4	25,1	3,9	17,1	1,6
Ceuta	100	23,4	9,4	51,1	4,6	9,8	1,8
Melilla	100	20,1	6,8	36,7	6,0	20,5	9,8

(1) A categoría “Outras situacións” inclúe aos inactivos/as que non mencionan ningunha situación de inactividade e declaran estar buscando emprego ou traballar.
Datos en porcentaxes, respecto da poboación inactiva total de cada comunidade autónoma.
Fonte: INE, EPA 4º trimestre.

A desagregación por grupos de idade do cadro 5.10 permítenos constatar que no tramo de 16-19 anos as mulleres inactivas son menos que os homes inactivos en 2.900 persoas, mentres que a medida que avanzamos en idade tamén son as mulleres inactivas máis, ata chegar a unha diferenza de 17.200 (21.400 en 2021) inactivas máis no grupo de 55 a 64 anos e a 93.000 no tramo de >65 anos.

Evidentemente, a incorporación máis igualitaria da muller ao mundo do traballo retribuído vaise producindo nos estratos de poboación máis novos.

CADRO 5.10. POBOACIÓN INACTIVA POR GRUPO DE IDADE, SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMA. VALORES ABSOLUTOS. UNIDADE: MILES. GALICIA 2020-2022

	Total			De 16 a 19 anos			De 20 a 24 anos			De 25 a 34 anos		
	2020	2021	2022	2020	2021	2022	2020	2021	2022	2020	2021	2022
Homes	479,8	481,0	491,8	41,2	43,5	45,5	30,9	31,1	32,6	20,4	19,1	20,4
Mulleres	638,2	631,7	617,9	40,8	42,4	42,6	34,2	35,5	33,0	26,6	22,8	24,5
Galicia	1.118,0	1.112,7	1.109,7	82,0	85,9	88,1	65,1	66,6	65,6	47,0	41,9	44,9

	De 35 a 44 anos			De 45 a 54 anos			De 55 a 64 anos			De 65 e máis anos		
	2020	2021	2022	2020	2021	2022	2020	2021	2022	2020	2021	2022
Homes	16,2	13,2	13,8	25,5	24,6	26,3	62,9	64,4	65,4	281,2	285,3	289,0
Mulleres	28,6	26,0	18,7	47,4	44,2	36,3	81,7	85,8	82,6	374,9	377,4	382,0
Galicia	44,8	39,2	32,5	72,9	68,8	62,6	144,6	150,2	148,0	656,1	662,7	671,0

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de 2022.

5.2.3. EMPREGO E DESEMPREGO

Dentro da poboación activa inclúese tanto a que está a traballar (poboación ocupada) coma a que busca emprego activamente (poboación desempregada).

A distribución porcentual da poboación ocupada por sexos e sectores económicos en cada unha das CC.AA. figura no [cadro 5.11](#). Nel destacaremos, no referido a Galicia e o total español, que:

- O 85% das mulleres con emprego en Galicia traballan no sector servizos (en España alcanza o 88,6%).
- A porcentaxe de mulleres que traballan en Galicia no sector agrario supera o dobre da media española de mulleres.
- A subrepresentación da muller por sectores económicos é especialmente rechamante na construción, actividade na que só chega ao 1,1% de ocupación, menor que a media estatal (1,2%). A presenza da muller na industria (9,6%) e levemente superior a media estatal (8,4%).
- No [capítulo 4](#) pode comprobarse que a taxa de ocupación da muller en Galicia continúa estando moi por baixo da masculina, cunha distancia de 8 puntos.

As taxas de paro en cada unha das comunidades españolas e a desagregación por sexos figuran no [cadro 5.12](#), que mostra que:



- A taxa de paro das mulleres é case de 2 puntos superior á dos homes en Galicia e con mais de 3 puntos de diferenza por debaixo da media española. A taxa de paro das mulleres é case 2 puntos superior á dos homes en Galicia e está case 4 puntos por debaixo da media española.
- As taxas de desemprego feminino son especialmente altas en Ceuta, Melilla, Andalucía e Extremadura.
- A taxa de desemprego feminino máis baixa tena Pais Vasco, co 9,27%, e A Ríoxa con 9,42%.

No grupo de homes as que teñen as taxas máis altas son Ceuta 25,76% e Melilla 15,59% e máis baixas Aragón 7,48% e Castela e León con 7,79%.

CADRO 5.11. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DA POBOACIÓN OCUPADA POR SECTOR ECONÓMICO. COMUNIDADE AUTÓNOMA E SEXO. 2022

	Total	Agricultura	Industria	Construcción	Servizos
Andalucía					
Homes	100,0	9,8	12,8	10,2	67,2
Mulleres	100,0	4,1	5,1	1,1	89,6
Aragón					
Homes	100,0	7,5	25,8	9,1	57,5
Mulleres	100,0	2,9	11,6	1,5	84,1
Asturias					
Homes	100,0	4,2	22,9	11,5	61,4
Mulleres	100,0	2,2	5,4	0,9	91,4
Baleares					
Homes	100,0	0,4	11,4	18,4	69,8
Mulleres	100,0	0,1	3,7	2,1	94,1
Canarias					
Homes	100,0	3,0	7,2	10,7	79,1
Mulleres	100,0	0,8	2,4	0,7	96,1
Cantabria					
Homes	100,0	4,3	24,4	13,4	57,9
Mulleres	100,0	1,2	8,3	1,6	88,9
C. León					
Homes	100,0	9,1	21,7	11,1	58,1
Mulleres	100,0	3,0	8,6	1,3	87,1
C. A Mancha					
Homes	100,0	9,3	19,6	13,2	57,9
Mulleres	100,0	2,9	9,3	1,1	86,6
Cataluña					
Homes	100,0	2,2	22,7	10,1	65,0
Mulleres	100,0	0,5	12,1	0,7	86,7
C. Valenciana					
Homes	100,0	3,2	21,6	11,6	63,5
Mulleres	100,0	1,1	11,3	1,4	86,3
Extremadura					
Homes	100,0	12,9	15,4	12,3	59,4
Mulleres	100,0	3,0	5,7	0,8	90,6
Galicia					
Homes	100,0	8,7	19,6	11,3	60,4
Mulleres	100,0	4,0	9,6	1,1	85,3
Madrid					
Homes	100,0	0,4	12,8	9,5	76,7
Mulleres	100,0	0,4	5,8	1,9	92,6
Murcia					
Homes	100,0	15,9	14,6	10,6	59,9
Mulleres	100,0	6,0	7,6	1,2	85,3
Navarra					
Homes	100,0	4,6	36,2	11,7	47,7
Mulleres	100,0	0,8	17,4	0,9	81,3
País Vasco					
Homes	100,0	1,5	30,3	8,4	58,7
Mulleres	100,0	0,9	10,4	1,1	86,6
A Rioja					
Homes	100,0	7,8	35,5	8,9	44,8
Mulleres	100,0	2,9	18,9	1,2	75,6
Ceuta					
Homes	100,0		4,2	4,6	86,9
Mulleres	100,0		0,8	1,3	98,0
Melilla					
Homes	100,0		7,3	6,0	91,3
Mulleres	100,0		0,2	0,2	99,8
España					
Homes	100,0	5,2	18,3	10,9	65,6
Mulleres	100,0	1,9	8,4	1,2	88,6

Datos en porcentaxe.
Fonte: INE, EPA. 4º trimestre.



CADRO 5.12. TAXAS DE DESEMPREGO, POR SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMA.
2022-2016

	2022		2021		2020		2019		2018		2017		2016	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
España	11,32	14,61	13,05	16,71	13,87	17,43	12,50	15,99	13,72	17,02	14,97	18,35	17,22	20,25
Andalucía	16,45	21,96	18,50	25,44	18,82	26,53	17,84	25,22	19,76	26,94	21,63	27,85	25,70	31,38
Aragón	7,48	11,60	8,49	12,03	10,09	13,56	8,79	11,49	9,33	12,16	8,79	14,41	11,45	16,01
Asturias	14,39	14,39	11,40	13,74	13,86	14,40	13,31	15,13	12,37	14,92	13,99	15,32	14,96	14,19
Baleares	10,23	11,70	13,58	16,13	14,97	17,49	10,29	13,41	12,03	10,92	13,77	11,23	12,95	14,76
Canarias	12,88	16,51	22,17	24,27	21,45	23,94	19,30	21,85	18,90	21,42	20,02	24,32	23,45	26,55
Cantabria	8,11	12,79	10,09	13,00	11,69	12,66	9,64	11,02	9,20	12,38	13,05	13,98	12,62	13,20
Castela e León	7,79	10,02	9,44	13,70	10,61	13,79	10,02	13,57	13,29	24,05	11,29	16,61	13,27	16,67
Castela-A Mancha	11,09	18,50	11,55	20,81	13,62	22,95	12,23	21,27	10,36	14,21	15,53	25,12	18,62	26,75
Cataluña	9,70	10,14	10,37	12,85	11,91	13,42	10,59	11,51	10,95	12,09	11,85	13,49	13,91	15,89
C. Valenciana	11,56	15,77	14,00	18,11	14,33	18,37	11,79	16,86	14,00	17,46	14,77	19,07	17,49	21,02
Estremadura	14,17	21,72	15,25	24,75	18,03	26,29	16,60	27,68	19,38	29,05	21,22	30,10	24,27	33,47
Galicia	9,81	11,49	10,60	12,80	10,89	13,25	10,75	12,84	12,38	14,36	14,25	15,21	15,63	17,00
Madrid	9,57	13,49	10,66	12,47	11,57	13,45	9,81	11,47	11,62	12,85	13,00	14,53	14,15	15,08
Murcia	10,91	15,35	11,97	17,18	13,60	19,47	11,88	18,22	13,40	20,98	15,05	19,94	15,64	22,31
Navarra	9,66	10,58	11,41	9,69	9,99	10,14	7,39	9,21	9,08	11,09	7,84	11,69	9,23	10,90
País Vasco	8,11	9,27	9,65	10,01	8,68	10,45	8,89	9,43	10,09	9,84	10,52	10,63	11,95	12,64
A Ríoxa	7,86	9,42	8,63	14,74	9,26	12,57	10,12	9,77	9,10	11,85	9,45	13,94	9,19	12,89
Ceuta	25,76	36,73	21,85	32,29	21,77	28,29	23,07	29,66	22,88	36,34	20,13	33,54	18,93	27,28
Melilla	15,59	27,27	17,97	22,11	20,69	27,22	22,36	32,72	21,56	31,57	20,46	30,67	21,81	35,32


Fonte: INE, EPA, media dos catro trimestres do ano.

A desagregación por sexo da poboación desempregada de Galicia reflíctese no [cadro 5.13](#).

CADRO 5.13. POBOACIÓN DESEMPREGO, POR SEXOS.
2021-2022

	2021	2022
Homes	68.577	59.848
Mulleres	94.869	82.374
	163.446	142.222

Datos xuño 2022.
Fonte: SEPE.



5.3. DEMANDAS DE EMPREGO E PARO REXISTRADO

Demandantes son as persoas que se inscriben nos servizos públicos de emprego para a busca dun emprego ou mellorar o que posúen, para recibir outros servizos alleos ao emprego (orientación para o autoemprego, formación ocupacional...) ou pola obrigatoriedade de inscribirse para recibir unha prestación por desemprego, subsidio, renda activa de inserción ou calquera tipo de prestación ou axuda.

As persoas demandantes de emprego clasifícanse en determinados colectivos de pertenza e así se calcula por exclusión a cifra de paro rexistrado, ao poder reunir a demanda dunha persoa dúas ou máis situacións. Estableceuse a seguinte orde de preferencia contabilizándose cada demandante no primeiro colectivo que aparece:

- Persoas demandantes inscritas sen dispoñibilidade
- Persoas demandantes de emprego non paradas:
 - Demandantes con baixa dispoñibilidade para o emprego.
 - Demandantes ocupados/as ou con relación laboral.
 - Demandantes dun emprego específico.
 - Outras persoas demandantes sen emprego/non ocupadas.
- Demandantes de emprego en paro.
 - Durante os anos 2020, 2021 e parte do 2022, debido a crise sanitaria COVID-19, dende o mes de marzo 2020 non foi obrigatoria a inscrición como demandante de emprego para acceder as prestacións de desemprego, polo que os datos de demandantes de emprego non inclúen as persoas beneficiarias de ERTE.

As demandas de emprego pendentes de demandantes en paro a decembro 2022 foron 142.222 segundo a información do SEPE. Delas, o 42% correspondía ao colectivo de homes (España 44,4%) e o 58% ao de mulleres (España 59,6%).

Por tramos de idade segundo o IGE, tanto no grupo de homes coma no de mulleres, son os tramos de máis idade (60-64 e 55-59) os que concentran maior paro rexistrado.

CADRO 5.14. PARO REXISTRADO. POR IDADE E XÉNERO.
GALICIA. 2022

	Mulleres	Homes	Total
16 a 19	466	570	1.036
20 a 24	2.365	2.433	4.798
25 a 29	5.980	5.042	11.022
30 a 34	7.515	5.131	12.646
35 a 39	8.830	5.372	14.202
40 a 44	10.752	6.269	17.021
45 a 49	11.540	7.404	18.944
50 a 54	11.891	8.218	20.109
55 a 59	12.723	9.971	22.694
60 a 64	13.184	10.510	23.694
65 e máis			
Total	85.246	60.920	146.166

Datos: Miles de persoas.
Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. 2022.

Centrándonos no nivel de estudos nos dous grupos é o colectivo de “estudios secundarios”, o que acumula o maior número de demandas pendentes. As mulleres 41,5% e os homes 41,7%. As diferenzas máis apreciables danse na educación superior xa que as mulleres con educación superior teñen un peor comportamento chegando ao 27,7% de demandas de emprego pendentes, fronte ao 18,5% de homes. Os dous grupos melloran sobre o ano anterior.

CADRO 5.15. NÚMERO DE DEMANDANTES DE EMPREGO. POR NIVEL DE FORMACIÓN E SEXO.
GALICIA. 2022

	Homes	Mulleres
Analfabetos	0,0	0,2
Estudos primarios	4,1	3,0
Estudos secundarios. Primeira etapa	24,1	22,6
Estudos secundarios. Segunda etapa	17,6	18,9
Educación superior	18,5	27,7
Total Galicia	64,4	72,3

Miles de persoas.
Fonte IGE-INE. Abril de 2023.

Por grupo principal de ocupación segundo os datos do SEPE, as mulleres demandantes de emprego paradas solicitan en maior número as seguintes ocupacións:

- Traballadoras de servizos de restauración e comercio (27%).
- Traballadoras non cualificadas de servizos (17%).
- Traballadoras de servizos de saúde, con 10% demandas de emprego pendentes.
- Empregadas de oficina que non atenden ao público, con 10% demandas de emprego pendentes.
- No colectivo masculino a profesión máis demandada segue sendo peóns agrícolas e de construción, seguida de traballadores cualificados da construción. Estas seguen sendo profesións reservadas aos homes.

CADRO 5.16. DEMANDAS DE EMPREGO PENDENTES DE DEMANDANTES EN PARO. SEGUNDO GRUPO PRINCIPAL DE OCUPACIÓN.
GALICIA. DECEMBRO 2022

	Homes	Mulleres
A Directores/directoras e xerentes	726	344
B Persoal técnico e profesionais saúde e ensino	938	3.297
C Outro persoal técnico e profesionais científicos e intelectuais	3.755	5.487
D Persoal técnico; profesionais de apoio	7.507	6.062
E Persoas empregadas oficina que non atenden público	2.782	8.389
F Persoas empregadas oficina que atenden público	703	2.732
G Persoas traballadoras servizos restauración e comercio	5.800	22.558
H Persoas traballadoras servizos saúde e coidado persoas	1.110	8.489
I Persoas traballadoras servizos protección e seguridade	1.146	192
J Persoas traballadoras cualificadas sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro	2.140	894
K Persoas traballadoras cualificadas construción, agás operadores máquinas	7.945	134
L Persoas traballadoras cualificadas ind. manufactureiras, agás operadores instalacións e máquinas	6.025	2.306
M Operadores/as instalacións e maquinaria fixas	1.270	2.478
N Condutores/as e operadores/as maquinaria móbil	4.388	350
O Persoas traballadoras non cualificadas en servizos (agás transportes)	2.271	14.129
P Peóns agricultura, pesca, construción, industrias manufactureiras e transportes	11.295	4.510
Q Ocupacións militares	47	23
TOTAL	59.848	82.374

Fonte: SEPE.

En canto á sección da actividade económica hai que destacar o comercio como a máis demandada, seguida de hostalaría, actividades administrativas e servizos auxiliares e comercio. En España en primeiro lugar aparece o comercio, seguida da hostalaría e actividades administrativas.

Ao igual que vimos coas ocupacións máis demandadas, é a construción a sección de actividade económica onde o colectivo de homes concentra en maior medida as súas expectativas laborais, seguido de actividade de industrias manufactureiras e comercio.

Aínda que se aprecian actividades económicas igualmente demandadas por homes e mulleres, seguen existindo outras reservadas case exclusivamente ás mulleres, como actividades sanitarias e de servizos sociais, hostalaría, educación e persoal doméstico.

CADRO 5.17. POBOACIÓN DESEMPREGADA. POR SECTOR ECONÓMICO E SEXO.
GALICIA. 2022

	Homes	Mulleres	Total
A Agricultura e pesca	3.559	1.578	5.137
B Industria	8.098	7.486	15.584
C Construción	9.034	1.318	10.352
D Servizos	36.248	67.079	103.327
E Sen emprego anterior	3.982	7.786	11.768
Total	60.921	85.247	146.168

Fonte: IGE. Xuño 2023.

As mulleres maiores de 25 anos representan o 96,7% das demandas pendentes de mulleres demandantes en paro fronte ao 95% dos homes na mesma situación. O 50,5% das mulleres maiores de 25 anos permanecen máis dun ano como demandantes de emprego (45,2% en homes), o que volve a reforzar as dificultades de inserción laboral das mulleres.

CADRO 5.18. DEMANDAS DE EMPREGO PENDENTES DE DEMANDANTES EN PARO. SEGUNDO IDADE E DURACIÓN DA DEMANDA E SEXO.
GALICIA. DECEMBRO 2022

Galicia	Menores de 25 anos			Maiores de 25 anos		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
< 1 mes	569	482	1.051	6.233	7.380	13.613
De 1 a <= 6 meses	1.587	1.409	2.996	17.415	21.414	38.829
De > 6 meses a <= 1 ano	307	341	648	7.578	10.618	18.196
De máis de 1 ano	389	447	836	25.770	40.283	66.053
Total	2.852	2.679	5.531	56.996	79.695	136.691

Fonte: IGE.

Para finalizar, faremos unha referencia ás baixas na demanda de emprego. Do total das baixas por colocación (306.799) o 55,7% o representan o grupo de mulleres, fronte ao 44,2% dos homes, sendo este o terceiro ano onde as baixas por colocación das mulleres superan en porcentaxe ás dos homes.

CADRO 5.19. BAIXAS DE DEMANDAS DE EMPREGO. SEGUNDO CAUSA DA BAIXA. POR SEXO E PROVINCIAS.
GALICIA. DECEMBRO 2022

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Homes					
Por Colocación	50.751	13.758	13.881	57.504	135.894
Con oferta previa	471	190	238	560	1.459
Sen oferta previa	13.665	3.843	3.895	14.198	35.601
Outras colocacións	36.615	9.725	9.748	42.746	98.834
Non renovación	15.138	3.751	5.207	19.075	43.171
Outras causas	3.629	1.073	673	4.757	10.132
Total	120.269	32.340	33.642	138.840	325.091
Mulleres					
Por colocación	65.090	18.799	17.451	69.565	170.905
Con oferta previa	535	183	182	457	1.357
Sen oferta previa	15.457	4.029	4.050	14.925	38.461
Outras colocacións	49.098	14.587	13.219	54.183	131.087
Non renovación	15.791	4.399	5.742	16.899	42.831
Outras causas	4.529	1.290	1.000	6.528	13.347
Total	150.500	43.287	41.644	162.557	397.988

Fonte: IGE.

5.4. CONTRATOS DE TRABAJO

No capítulo 7, dedicado á contratación, móstranse os datos facilitados polo SEPE por tipos de contratos e sexo, que servirán como información complementaria para este capítulo.

No ano 2022 a contratación feminina supuxo o 48,9% do total da contratación, mellorando lixeiramente con respecto ao ano 2021, tanto de contratos iniciais, coma de conversión en indefinidos. Se o desagregamos, os contratos iniciais supuxeron o 49,2% e as conversións o 47,9% do total de ambos os dous sexos, sempre por debaixo da contratación masculina, pero cunha melloría sobre anos anteriores.

Se facemos unha análise por nivel de formación, observamos que a contratación feminina é inferior á masculina en todos os niveis agás no de estudos superiores, chegando ao 55%.

CADRO 5.20. CONTRATOS REXISTRADOS SEGUNDO XÉNERO E MODALIDADE DO CONTRATO DO NIVEL DE FORMACIÓN. GALICIA. 2019-2022

	2019		2020		2021		2022	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
TOTAL CONTRATOS								
Total contratos rexistrados	519.671	566.450	351.886	397.331	481.070	437.144	414.110	431.133
Total contraros iniciais	500.232	542.703	337.223	379.290	455.196	417.231	380.757	392.221
Conversións a indefinidos	19.439	23.747			25.874	19.913	31.634	36.547
ANALFABETOS								
Total contratos rexistrados	12.470	23.262	8.540	15.911	18.069	11.876	9.433	10.298
Total contraros iniciais	12.082	22.790	8.309	15.549	17.368	11.445	8.809	9.579
Conversións a indefinidos	388	472			431	701	576	647
ESTUDOS PRIMARIOS								
Total contratos rexistrados	118.194	141.071	77.061	98.743	120.093	97.157	95.204	111.556
Total contraros iniciais	113.978	134.671	73.914	93.974	112.683	92.642	87.200	99.708
Conversións a indefinidos	4.216	6.400			4.515	7.410	7.687	11.036
ESTUDOS SECUNDARIOS								
Total contratos rexistrados	303.425	340.552	202.574	232.820	279.595	251.859	235.040	249.761
Total contraros iniciais	292.994	327.271	194.848	222.791	265.538	241.544	217.710	229.169
Conversións a indefinidos	10.431	13.281			10.315	14.057	16.848	19.698
ESTUDOS SUPERIORES								
Total contratos rexistrados	84.599	61.524	62.956	49.813	63.258	75.298	73.258	59.433
Total contraros iniciais	80.195	57.930	59.397	46.932	59.552	70.646	65.863	59.680
Conversións a indefinidos	4.404	3.594			4.652	3.706	6.523	5.166
SEN CLASIFICAR								
Total contratos rexistrados	983	41	755	44	55	954	1.175	85
Total contraros iniciais	983	41	755	44	55	954	1.175	85
Conversións a indefinidos	0	0			0	0	0	0



Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Xaneiro 2023.

Outra característica dos contratos concertados con mulleres é que son maioritariamente no sector servizos. Segundo o seguinte cadro, o 85% (83% en 2021) das mulleres traballadoras galegas exercen a súa profesión no sector servizos. O segundo sector de importancia é a industria, onde traballa o 12,9% (14,7% en 2021) e a agricultura co 1,4% (1,6% en 2021). Na construción a representación feminina é moi escasa, non alcanza o 1%.

CADRO 5.21. CONTRATOS REXISTRADOS NOS CATRO GRANDES SECTORES DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (CLASIFICACIÓN CNAE 2009) POR SEXO. GALICIA. 2021-2022

	Mulleres		Homes	
	2021	2022	2021	2022
Agricultura	7.059	5.803	24.849	22.262
Industria	64.604	53.750	100.641	82.164
Construcción	2.658	2.515	39.045	33.194
Servizos	362.823	352.042	316.835	293.513
Total	437.144	414.110	481.370	431.133

Fonte: IGE.



O sector servizos é o único onde a contratación feminina supera a masculina representando un 54,5% do total dos contratos realizados neste sector. Dentro deste sector, as actividades de comercio e hostalaría concentran o maior número de mulleres traballadoras do total do sector servizos.

CADRO 5.22. CONTRATOS SECTORIAIS POR SECCIÓNS (CLASIFICACIÓN CNAE) E SEXO. GALICIA. 2021-2022						
	2021			2022		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
A Agricultura, gandería, caza e selvicultura e pesca	7.059	24.849	31.908	5.416	20.482	25.898
B Industrias extractivas	56	673	729	33	512	545
C Industrias manufactureira	63.118	95.373	158.491	48.923	69.622	118.545
D Subministración de enerxía eléctricos, gas, vapor e aire acondicionado	119	236	355	96	239	335
E Subministración de auga, saneamento, residuos descontaminación	1.311	4.059	5.370	1.322	3.672	4.994
F Construción	2.658	39.045	41.703	1.981	26.888	28.869
G Comercio por xunto e polo miúdo, reparación vehículos motor	66.071	46.753	112.824	54.372	36.774	91.146
H Transporte e almacenamento	22.763	91.427	114.190	18.528	64.393	82.921
I Hostalaría	85.647	63.309	148.956	80.635	60.049	140.684
J Información e comunicacións	10.094	14.266	24.360	11.158	15.167	26.325
K Actividades financeiras e de seguros	2.643	1.040	3.683	2.385	1.117	3.502
L Actividades inmobiliarias	638	353	1.074	578	293	871
M Actividades profesionais, científicas e técnicas	12.598	11.299	23.897	10.685	9.512	20.197
N Actividades administrativas e servizos auxiliares	44.512	29.541	74.053	37.959	25.940	63.899
O Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria	15.077	8.689	23.766	12.347	7.510	19.857
P Educación	18.620	10.048	28.668	17.756	9.043	26.799
Q Actividades sanitarias e de servizos sociais	43.204	8.050	51.254	37.008	6.858	43.866
R Actividades artísticas recreativas e de entretemento	19.210	26.193	45.403	20.884	31.584	52.468
S Outros servizos	10.857	5.318	16.175	9.446	4.334	13.780
T Actividades dos fogares e uso propio	10.806	492	11.298	10.883	540	11.423
U Organismos extraterritoriais	83	57	140	78	60	138
Total	437.144	481.070	918.297	382.473	394.589	777.062

Fonte: SEPE.

De acordo a información do SEPE, a distribución do emprego feminino está moi ligada ás ocupacións que desempeñan, por iso é importante analizar como se distribúen os empregos segundo a ocupación.

Se ben é certo que hai pouca representación de mulleres en postos de dirección de empresas, só o 38,8% (30% en 2021) fronte ao 61,2% de homes, as porcentaxes de mulleres aumentan en técnicas e profesionais de saúde e do ensino 69,5% (77,8% en 2021) e traballadoras de servizos de saúde e coidado de persoas (82,8%). O maior número de mulleres con formación superior ou universitaria está a ter reflexo no mercado de traballo, e a medio ou longo prazo ten que repercutir en que pasen a ocupar postos de dirección e, polo tanto, tamén repercutan nos niveis salariais.

Outro grupo de ocupación con gran representación feminina é o das empregadas en servizos de restauración e comercio, 60,9% do total das persoas contratadas.

Entre as persoas traballadoras cualificadas da construción a presenza da muller é moi escasa e no grupo de persoas traballadoras cualificadas de agricultura a representación masculina tamén é moi superior á feminina.

Podemos concluír que, no referente aos grupos de ocupación, existen dúas tendencias:

- Un grupo maioritario que desempeña as súas funcións como empregada administrativa ou como traballadora de servizos de restauración, persoais e do comercio.
- Un grupo minoritario que, grazas á obtención dun título universitario, ocupa postos técnicos e profesionais en saúde e ensino e outros técnicos científicos e intelectuais.

Como expuxemos ao inicio deste apartado, a contratación masculina foi superior á feminina e foino especialmente nos contratos de obra e servizo e nos eventuais por circunstancias de produción.

A contratación segundo modalidade e sexo pódese consultar nos cadros do capítulo 7.

Hai determinadas modalidades de contratación con maior peso feminino e outras onde o peso dos homes é moito maior. Entre os claramente femininos destacan os contratos de interinidade 67,4% (70% en 2021) e os que se realizan a tempo parcial, tanto indefinidos coma temporais.

Este ano os contratos para a formación realizados a mulleres (49,4%) non superan os concertados con homes, descendendo respecto de anos anteriores, e os de prácticas mantéñense e chegan ao 43,9% despois de varios anos de superioridade feminina.

Os contratos temporais, tanto a xornada completa coma parcial, alcanzan no colectivo feminino o 69% da contratación a mulleres, acercándose ao colectivo masculino que chega ao 67%. Mellor nos dous grupos debido ao incremento dos fixos discontinuos.

Os contratos indefinidos, tanto a xornada completa coma parcial, supuxeron o 23% nas mulleres e o 24% nos homes e as conversións en indefinidos distáncianse do grupo de homes chegando só ao 46% para o colectivo feminino.


Mantense a tendencia dos últimos anos, onde a contratación feminina está caracterizada por un maior uso do contrato a tempo parcial, o 65% fronte ao 35% no grupo de homes.

A contratación indefinida tamén e inferior no grupo de mulleres, o 48% fronte ao 52% no grupo de homes, pero a melloría vese ano a ano.

CADRO 5.23. TIPOLOXÍA CONTRACTUAL POR SEXO.
GALICIA. 2020-2022

	2020		2021		2022	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
Indefinido (bonif./ non bonif.)	16.543	19.079	20.648	23.540	96.494	104.535
Obra ou servizo	100.123	147.371	114.147	161.163	17.354	24.316
Eventual circunstancias da produción	164.690	187.074	219.669	237.678	202.146	220.558
Interinidade	51.947	19.939	56.726	23.910	54.535	26.405
Práctcas	1.471	1.747	1.779	2.303	1.752	2.233
Formación	608	681	1.665	1.766	1.506	1.468
Outros	1.841	3.399	2.597	4.836	6.970	12.706
Conversión a indefinidos	14.663	18.041	19.913	25.874	31.634	36.547
Total	351.886	397.331	437.144	481.070	412.391	428.768

Fonte: SEPE.



5.5. FORMACIÓN

Outro factor importante a ter en conta na inserción da muller no mundo do traballo é, sen dúbida, a formación académica á que accede o alumnado feminino como fase previa ao seu acceso ao mercado laboral.

Neste apartado imos tratar a formación regrada. Dentro da formación regrada centrarémonos nos ciclos formativos de grao superior, bacharelato e titulacións universitarias, por consideralos máis significativos, e para iso imos utilizar os datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística (IGE).


No alumnado matriculado nos ciclos formativos de grao superior observamos que o 43,2% eran mulleres, mantendo a tendencia dos últimos anos.

O alumnado matriculado en bacharelato, segundo o IGE, mostra que as mulleres matriculadas representan en Galicia o 53,4%, máis de 6 puntos sobre a media masculina do 46,6%, confirmándose novamente a necesidade dunha maior formación do colectivo feminino para enfrontarse ao mundo do traballo.

CADRO 5.24. ALUMNADO MATRICULADO EN CICLO FORMATIVO DE FP GRAO SUPERIOR, POR SEXO.
GALICIA. CURSO 2020/2022

	2022			2021			2020		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Galicia	19.097	10.847	8.250	18.061	4.698	4.749	18.061	9.987	8.074


Unidade: nº de alumnas e alumnos.
Fonte:IGE Información subministrada directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.



CADRO 5.25. ENSINO NON UNIVERSITARIO. ALUMNADO MATRICULADO EN BACHARELATO, POR SEXO.
GALICIA. CURSO 2020/2022

	2022			2021			2020		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Galicia	33.433	15.594	17.839	32.874	15.241	17.633	31.390	14.604	16.786

Unidades: nº de alumnas e alumnos.
Fonte: IGE. Información subministrada directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.




O abandono educativo temperán das persoas que non completaron o nivel de educación secundaria e non seguen ningunha formación é sensiblemente superior nos homes, superando en máis de 3 puntos as mulleres, 7 en 2020 e 5 en 2021. Tal vez as dificultades que ten a muller para iniciarse no mercado laboral sexa unha das razóns para que persistan na súa formación académica.

CADRO 5.26. ABANDONO EDUCATIVO TEMPERÁN. POBOACIÓN ENTRE 18 E 24 ANOS (AMBOS INCLUSIVE) QUE NON COMPLETOU O NIVEL DE EDUCACIÓN SECUNDARIA SEGUNDA ETAPA E NON SEGUE NINGÚN TIPO DE FORMACIÓN (REGRADA OU NON REGRADA). GALICIA 2010-2022

	Total	Homes	Mulleres
2010	23,1	27,8	18,3
2011	20,8	25,5	15,8
2012	23,1	27,1	18,8
2013	20,4	25,0	15,4
2014	18,5	21,7	15,2
2015	17,0	21,9	11,9
2016	15,2	19,1	11,2
2017	14,9	17,9	11,8
2018	14,3	17,0	11,4
2019	12,60	16,70	8,20
2020	12,00	15,50	8,20
2021	8,10	10,60	5,50
2022	9,9	11,4	8,4

Unidades: Porcentaxes.
Fonte: IGE-INE, Enquisa de poboación activa.



Segundo o IGE, no ensino universitario en Galicia para o curso 2022, o alumnado feminino era superior ao masculino, chegando ao 55,7%.

A porcentaxe media do 55,7% varía moito segundo a especialidade elixida:

As especialidades nas que é significativamente maior o número de mulleres son:

- Ciencias da saúde
- Arte e humanidades
- Ciencias sociais e xurídicas


As especialidades con máis baixa representación feminina son as de enxeñaría e arquitectura.

Como pode observarse, seguen existindo titulacións e especialidades reservadas case exclusivamente ás mulleres, aínda que parece que pouco a pouco vanse producindo movementos cara a outras áreas.

CADRO 5.27. ALUMNADO MATRICULADO EN ENSINO UNIVERSITARIO, SEGUNDO RAMA DE COÑECEMENTO E SEXO. GALICIA. CURSO 2022

	Total	Mulleres	% de mulleres
Total	61.637	34.362	55,7
Ciencias da saúde	10.424	7.723	71,1
Ciencias	6.038	3.156	52,3
Ciencias Sociais e Xurídicas	26.334	15.956	60,6
Enxeñaría e Arquitectura	12.894	3.539	27,4
Artes e Humanidades	5.947	3.988	67,1

Unidades: nº de alumnas e alumnos.
Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



É moi significativo constatar que do alumnado que finaliza os seus estudos universitarios no ano 2022, últimos datos dispoñibles, o 59,2% son mulleres.

É de destacar que se ben o 55,7% das persoas matriculadas eran mulleres, do total das persoas que finalizaron os seus estudos o colectivo feminino supuxo o 59,2%, fronte ao 40,8% de homes.

CADRO 5.28. ESTUDANTES TITULADOS/AS NAS UNIVERSIDADES GALEGAS POR SEXO.
GALICIA. CURSO 2022

	Total	Mulleres	% de mulleres
Tituladas e titulados universitarios	11.351	6.725	59,20

Unidades: nº de alumnas e alumnos.
Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

5.6. PODER E TOMA DE DECISIÓNS

A idea de participación equilibrada de homes e mulleres nos procesos de toma de decisións incorporouse progresivamente en recomendacións de Nacións Unidas, Unión Europea e Consello de Europa. Este último adoptou a recomendación dunha participación feminina non inferior ao 40% en calquera órgano de decisións para alcanzar o equilibrio e esa porcentaxe foi establecida como mínimo na lexislación nacional, por medio da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, para alcanzar unha composición equitativa en todos os ámbitos claves da toma de decisións.

En 2022 a representatividade que teñen as mulleres nos altos cargos da Administración do Estado chegou ao 48,4%, aumentando os niveis de anos anteriores e chegando as recomendacións do 40%, excepto Secretarías de Estado onde só se chega ao 37%.

CADRO 5.29. DISTRIBUCIÓN POR SEXO DE ALTOS CARGOS DA ADMINISTRACIÓN DO ESTADO EN PORCENTAXE DE MULLERES.
CURSO 2022/2017

	2022	2021	2020	2019	2018	2017
Total Ambos sexos	312,00	295,00	301,00	241,00	252,00	202,00
Presidencia do Goberno, Vicepresidencia e Ministerios	60,87	60,87	47,83	58,80	61,10	35,70
Secretarías de Estado	37,04	34,62	46,15	44,00	43,50	29,20
Subsecretarías e Secretarías Xerais	46,67	40,79	40,79	38,30	39,70	30,20
Direccións Xerais e Secretarías Xerais Técnicas	49,20	44,12	43,75	42,50	39,00	27,90
Total en porcentaxe %	48,40	43,73	43,52	42,80	41,20	29,21

Fonte: Elaboración do Instituto das Mulleres, a partir dos datos facilitados polo Ministerio de Facenda e Función Pública.

Outra mostra do papel da muller no poder e toma de decisións é a súa presenza no Goberno. Neste cadro pódese ver a evolución da representación da muller dende 2002, pasando de cero ata alcanzar o 52,94% en 2008 e 2009. No ano 2011 produciuse unha redución, quedando a participación feminina nun 30,77% e en 2018 prodúcese un aumento e chega ata o 61,11%. No 2019 continúa a mesma tendencia chegando a 62,5% en novembro de 2019, pero en 2020 prodúcese un retroceso quedando en 47,8% e subindo de novo en xullo 2021 cun 60,87%, manténdose hasta marzo 2023.

CADRO 5.30. MULLERES NO GOBERNO EN %

	Dec. 22/ marzo 23	Xullo 21	Marzo 21/ xullo 21	Xan. 20/ xan. 21	XIV lexislatura	XIII lexislatura	2018 (xuño)	2018 (mar.)	2016	2015	2011	2010	2009	2008	2007	2006	2005	2004	2003(1)	2003	2002
Partido no goberno	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE 2020	PSOE 2019	PSOE	PP	PP	PP	PP	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PP	PP	PP
Ambos sexos	23	23	23	23	18	16	18	14	14	14	13	15	17	17	16	16	16	16	16	16	16
% de mulleres	60,87	60,87	52,17	47,83	44,44	62,5	61,11	35,71	35,71	28,47	30,77	46,67	52,94	52,94	43,75	50	50	50	31,25	25	18,75

Fonte: Elaboración do Instituto das Mulleres a partir dos datos publicados na Web do Goberno de España.

A representación da muller nos Parlamentos autonómicos alcanzou en 2022 unha media do 47,4%.

En 2022 a maior presenza feminina dáse en Galicia cun 53,3% (52% en 2021 e 53,3% en 2020), e en Navarra cun 52%, e a menor en Castela-León cun 38,27% e Castela-A Mancha cun 42,42%.

En Galicia a representación aumenta de 1,3 puntos sobre o ano anterior. E destacable o aumento progresivo dos últimos anos.

CADRO 5.31. COMPOSICIÓN DOS PARLAMENTOS AUTONÓMICOS. 2010-2022*											
	2010	2011	2012	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Total	42,2	43,1	43,2	44,6	45,1	45,43	45,43	46,19	46,34	47,18	47,43
Andalucía	45,9	45,9	47,7	49,5	49,5	49,54	49,54	49,54	45,87	45,87	50,46
Aragón	35,8	32,8	32,8	47,8	47,8	47,76	47,76	47,76	49,25	49,25	49,25
Asturias	33,3	42,2	42,2	48,9	48,9	48,89	48,89	47,83	44,44	44,44	44,44
Baleares	49,2	45,8	45,8	47,5	47,5	47,46	47,46	47,46	47,46	46,55	45,76
Canarias	40,0	36,7	36,7	53,3	53,33	53,33	53,33	44,29	44,29	44,29	44,29
Cantabria	40,5	43,6	43,6	38,9	38,9	38,89	38,89	40,54	42,86	42,86	42,86
Castela e León	43,4	66,7	66,7	41,7	41,7	41,67	41,67	43,21	43,21	43,21	38,27
Castela-A Mancha	53,2	46,9	46,9	42,4	42,4	42,42	42,42	45,45	42,42	42,42	42,42
Cataluña	41,5	41,5	40,0	40,0	39,3	42,54	42,45	42,54	42,96	46,67	47,41
C. Valenciana	45,5	40,4	40,4	44,4	44,4	44,44	44,44	47,47	48,48	49,49	51,52
Extremadura	40,0	40,0	40,0	47,7	47,7	47,69	47,69	44,62	43,08	43,08	43,08
Galicia	40,0	40,0	40,0	40,0	45,3	45,33	45,33	45,33	53,33	52,00	53,33
Madrid	42,5	44,2	44,2	42,6	42,6	42,64	42,64	46,21	46,21	48,23	47,79
Murcia	39,1	40,0	40,0	35,6	35,6	35,56	35,56	44,44	48,89	48,89	48,89
Navarra	38,0	34,0	34,0	48,0	48,0	48,00	48,00	50,00	52,00	52,00	52,00
País Vasco	45,3	39,4	49,3	49,3	53,3	53,33	53,33	53,33	50,67	48,48	50,67
A Ríoxa	39,4	45,3	39,4	45,5	45,5	45,45	45,45	48,48	48,48	50,67	48,48
Ceuta	40,0	40,0	40,0	40,0	40,0	40,00	40,00	44,44	40,00	44,00	44,00
Melilla	40,0	40,0	40,0	40,0	40,0	40,00	40,00	40,00	40,00	48,00	46,43

(*) En porcentaxe de mulleres.
Fonte: Elaboración do Instituto das Mulleres a partir das páxinas web dos Parlamentos Autonómicos.

A participación das mulleres na Comisión Europea empeora sobre o ano 2021, co 47% de comisarias, e unha media do 46,15% de participación, só as vicepresidentas están debaixo da media cun 37,5%.

CADRO 5.32. PARTICIPACIÓN DA MULLER NA COMISIÓN EUROPEA. 2018-2022					
% de mulleres	2022	2021	2020	2019	2018
	46,15	48,15	48,15	30,77	32,14
Presidenta	100,00	100	100,00	0,00	0,0
Vicepresidentas	37,50	37,5	37,50	20,00	16,7
Vicepresidentas primeira					
Alta representante					
Vicepresidentas					
Comisarias	47,06	50	50,00	35,00	38,1

Fonte: Instituto das Mulleres.

O [cadro 5.33](#) sobre a participación da muller nos Parlamentos nacionais dos países membros da Unión Europea pon de manifesto en 2022 que non se chega ao mínimo do 40% a nivel total (32,4%), existindo grandes diferenzas segundo os países. Os mellores datos temos Suecia (46,4%) e Finlandia (45,5%) e os peores Hungría 13,07% e Chipre con 14,29%.

En España en 2022 a representación da muller no Parlamento alcanzou o 42,41%, por encima da media. Os datos ofrecidos nalgúns dos cadros anteriores e seguintes non están desagregados por CC.AA, pero aínda así os seus resultados son significativos e extrapolables, aínda que con particularidades, á situación galega.

Segundo información, datos de xullo/22, últimos dispoñibles, do Boletín estatístico do persoal ao servizo das administracións públicas do rexistro central de persoal do Ministerio de Política Territorial e Función Pública, aínda que a porcentaxe de funcionarias (57,8% en España e 59,6% en Galicia) é superior á de funcionarios, a medida que ascendemos no complemento de destino o número de mulleres diminúe.

So nas Forzas Armadas e Corpos de Seguridade a porcentaxe de homes supera á de mulleres (12,57%).

A presenza das mulleres na administración autonómica, Xunta de Galicia, sube ata o 72% fronte ao 28% de homes. A representación feminina en órganos constitucionais como o Consello de Estado, Consello Xeral do Poder Xudicial, Tribunal de Contas, Valedor do Pobo, Xunta Electoral Central e Consello Económico e Social, segue sendo menor que a dos homes, pero vanse acortando distancias.

En 2022 a participación máis baixa obsérvase no Consello Económico e Social 28,8% (27,59% en 2021). No Consello de Estado 35,48% (41,94% en 2021), no Tribunal de Contas 42,86% (50% en 2021) e na Xunta Electoral Central cun 46,67%.


CADRO 5.33. MULLERES NOS PARLAMENTOS NACIONAIS DOS PAISES EUROPEOS.
2020

	% mulleres		
	2022	2021	2020
	32,40	33,17	32,70
UE-27			
Alemania	34,82	34,65	31,50
Austria	40,98	40,44	39,30
Bélxica	42,00	42,00	41,30
Bulgaria	23,75	24,58	27,10
Chipre	14,29	14,29	20,00
Croacia	32,45	31,79	31,10
Dinamarca	42,46	41,34	39,70
Eslovaquia	22,00	21,33	22,70
Eslovenia	37,78	27,78	26,70
España	42,41	43,27	43,70
Estonia	27,72	26,73	28,70
Finlandia	45,50	46,00	46,00
Francia	37,78	41,58	41,20
Grecia	19,00	21,33	21,70
Hungría	13,07	13,07	12,10
Irlanda	23,60	23,13	22,50
Italia	32,25	36,25	35,90
Letonia	30,30	28,00	31,00
Lituania	27,66	28,37	24,30
Luxemburgo	35,00	35,00	31,70
Malta	27,85	13,43	12,10
Países Baixos	38,00	40,67	32,70
Polonia	28,26	28,26	28,10
Portugal	35,65	40,87	40,00
R. Checa	25,13	24,50	23,00
Reino Unido			33,85
Rumania	20,61	20,61	22,00
Suecia	46,42	47,56	47,90

Fonte: Instituto Europeo da Igualdade de Xénero.

CADRO 5.34. REPRESENTACIÓN DE MULLERES EN DIVERSOS ÓRGANOS CONSTITUCIONAIS.
ESPAÑA 2022

TOTAL	Ambos sexos	% de Mulleres
	142	
Consello de Estado	31	35,48
Consello Xeral do Poder Xudicial	22	40,91
Tribunal de Contas	14	42,86
Defensor do Pobo	1	0,00
Xunta Electoral Central	15	46,67
Consello Económico e Social	59	28,81



Fonte: Elaboración do Instituto das Mulleres a partir de datos publicados en páxinas web. Novembro 2022

5.7. CONCILIACIÓN ENTRE A VIDA LABORAL E FAMILIAR

Tal vez sexa a conciliación entre a vida laboral e familiar un dos maiores condicionantes do acceso da muller ao mundo laboral. Os efectos negativos das dificultades de conciliación seguen a recaer sobre as mulleres: a falta de repartición equitativa das responsabilidades familiares e a ausencia de infraestruturas axeitadas e suficientes para atender a nenas e nenos e dependentes contribuíron ao escaso cambio producido.

O **cadro 5.35**, móstranos a nivel de toda España que o 78,62,% das excedencias para o coidado de familiares son solicitadas por mulleres e a nivel de Galicia alcanzouse o 73,55%, mellorando sobre anos anteriores.

CADRO 5.35. EXCEDENCIA POR COIDADOS FAMILIARES.
GALICIA/ESPAÑA. 2021-2022

	Ambos os sexos		Mulleres	
	2021	2022	2021	2022
Galicia	329	344	249	253
España	10.601	10.443	8.428	8.210


Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social.

O **cadro 5.36** serve para confirmar o papel da muller como responsable do coidado dos fillos e fillas, cunha porcentaxe moi superior de familias monoparentais femininas, 80,70 en 2021, último dispoñible (81,35% en 2020), fronte ao 19,3% de monoparentais masculinas.

CADRO 5.36. NÚCLEOS FAMILIARES MONOPARENTAIS. POR SEXO EN MILES.
2015-2021

	Ambos os sexos	Porcentaxe monoparentais femininos
2021	1.937,45	80,7
2020	1.944,80	81,35
2019	1.887,50	81,09
2018	1.878,50	81,88
2017	1.842,40	83,04
2016	1.964,90	80,98
2015	1.897,40	81,25

Fonte: Instituto das Mulleres.



As excedencias por coidado de fillas e fillos en Galicia, móstrannos que o 87,1% das excedencias eran solicitadas por mulleres e o 12,9% de homes. A tendencia dos últimos anos reflicte un leve aumento nas solicitudes de homes. Nese ano en España o 88% destas excedencias concedéronse a mulleres.

CADRO 5.37. EXCEDENCIAS POR COIDADADO DE FILLAS E/OU FILLOS.
GALICIA/ESPAÑA. 2011-2022

	España		Galicia	
	Total	% nais	Total	% nais
2011	34.128	95,52	555	93,69
2012	29.651	94,98	536	94,22
2013	28.038	94,50	537	94,23
2014	31.435	94,02	556	92,63
2015	36.195	93,33	683	90,92
2016	40.517	92,63	910	91,65
2017	43.899	92,34	935	92,30
2018	45.249	91,28	1066	90,15
2019	47.388	90,93	1154	91,85
2020	43.226	88,99	1216	88,32
2021	37.354	87,39	1008	88,00
2022	37.012	88,02	868	87,10

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Tesorería Xeral da Seguridade Social.

Para completar este apartado incluímos o cadro sobre “Poboación ocupada a tempo parcial por motivo da xornada parcial” do Instituto das Mulleres sobre datos da EPA.

Aínda que os datos non están desagregados por CC.AA, parece significativo que do total de persoas que realizan un traballo a tempo parcial por coidado de nenos, nenas ou persoas adultas enfermas, incapacitadas ou maiores, o 92,94 (94,9% en 2021, e 93,9% en 2020) sexan mulleres e o 85,54 (84,4% en 2021 e 94,7% en 2020) do total de persoas traballadoras a tempo parcial con obrigas familiares ou persoais tamén sexan mulleres.

Destaca, igualmente, que sexan mulleres o 72,6% (74,7% en 2021 e 72,64% en 2020) das persoas que non puideron encontrar traballo a xornada completa, empeorando sobre anos anteriores, e que tamén o sexan o 80,55% (78,8% en 2021) das que non queren traballar a xornada completa, xurdindo a dúbida de se realmente a elección de traballar a tempo parcial é libre ou imposta por un cúmulo de factores externos, algúns deles imperceptibles.

CADRO 5.38. POBOACIÓN OCUPADA A TEMPO PARCIAL POR MOTIVO DA XORNADA PARCIAL.
ESPAÑA. 2016-2022

		2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Ambos sexos	Total	2.833,0	2805,4	2894,8	2944,8	2799,1	2.738,00	2.781,70
	Seguir cursos de ensinanza ou formación	163,7	205,1	227,8	264,9	196,2	267,1	288,7
	Enfermidade ou incapacidade propia	32,7	32,4	38,4	41,3	41,2	47,7	54,5
	Coidado de nenos ou de adultos enfermos,incapacitados ou maiores	260,4	281,7	343,2	306,8	293,1	355,2	358,5
	Outras obrigas familiares ou persoais	143,7	142,2	165,9	193,5	150,2	157,4	164,6
	Non poder encontrar traballo de xornada completa	1.714,9	1607,3	1527,1	1501,8	1494,8	1399,2	1380,4
	Non querer traballo de xornada completa	235,6	233,8	272,4	308,5	268	220,2	225,7
	Outros motivos	275,0	294,7	0	318,9	347,1	281,3	297,5
	Non sabe o motivo	7,0	8,1	11,9	9,2	8,7	9,8	11,7
% Mulleres	Total	72,61	73,86	74,59	74,13	74,37	75,62	73,54
	Seguir cursos de ensinanza ou formación	52,84	59,19	58,17	57,49	56,37	63,87	56,46
	Enfermidade ou incapacidade propia	55,96	74,07	69,53	62,95	70,39	66,04	60,55
	Coidado de nenos ou de adultos enfermos,incapacitados ou maiores	96,04	95,21	95,22	93,97	93,93	94,96	92,94
	Outras obrigas familiares ou persoais	90,68	92,05	93,73	90,7	94,67	84,43	85,54
	Non poder encontrar traballo de xornada completa	69,92	71,14	71,51	72,29	72,64	74,69	72,62
	Non querer traballo de xornada completa	78,82	82,81	81,5	81,65	79,78	78,84	80,55
	Outros motivos	66,15	62,95	63,44	61,68	63,44	61,46	61,11
	Non sabe o motivo	72,86	62,96	70,59	69,57	55,17	66,33	81,2

Fonte: Elaborado polo Instituto das Mulleres con datos da EPA, INE.
Unidade: Miles de persoas. 2023

5.8. SALARIOS

Continuando a tendencia dos apartados anteriores deste capítulo, o sexo parece ser tamén un factor determinante das diferenzas salariais.

O informe da Axencia Tributaria “Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2021” reflicte que as mulleres galegas percibiron un salario medio anual de 18.580 euros fronte aos 22.818 dos homes, o que supón que as mulleres percibiron un 18,6% menos que os homes polo traballo realizado (19,1% en 2020, 20,5% en 2019 e 21,4% en 2018).

A media total das CC.AA. no grupo de mulleres chegou aos 19.011 euros (2021), fronte aos 23.724 dos homes, percibindo o colectivo feminino un 19,9% menos que os homes (20,3% en 2020).

A muller galega cobra menos que a media feminina estatal e que a media no conxunto do Estado.

A evolución é lenta dende o ano 2000, chegando ao 26,94% en 2006 e 26,28% en 2007. Pero dende o ano 2008 as diferenzas diminúen e mantéñense en valores similares nos anos 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013. En 2014 vólvese producir unha pequena redución nas diferenzas salariais que permanecen en 2015, 2016, 2017, 2018 , 2019, 2020 e 2021.

CADRO 5.39. POBOACIÓN ASALARIADA POR SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMAS.
2020-2021

	2020				2021			
	Total		Mulleres	Homes	Total		Mulleres	Homes
	Salario medio anual	%(*)	Salario medio anual	Salario medio anual	Salario medio anual	%(*)	Salario medio anual	Salario medio anual
Andalucía	16.514	78,86	14.403	18.263	17.468	79,22	15.292	19.302
Aragón	20.844	77,57	18.026	23.239	21.698	77,96	18.831	24.156
Asturias	21.191	76,69	18.292	23.851	22.286	76,37	19.183	25.118
Baleares	18.411	85,89	16.939	19.722	19.791	85,95	18.234	21.214
Canarias	16.635	88,88	15.613	17.567	17.925	89,63	16.907	18.863
Cantabria	20.011	78,07	17.430	22.327	20.893	78,62	18.283	23.255
Castela a Mancha	18.383	82,03	16.353	19.935	20.729	80,06	18.308	22.868
Castela León	19.970	79,86	17.605	22.045	19.220	81,07	16.995	20.963
Cataluña	22.864	79,29	20.111	25.363	24.168	79,91	21.356	26.726
C. Valenciana	18.966	80,10	16.721	20.876	19.699	80,42	17.419	21.661
Extremadura	15.717	85,28	14.366	16.845	16.427	84,27	14.921	17.706
Galicia	19.900	80,96	17.720	21.887	20.786	81,43	18.580	22.818
C. de Madrid	26.801	75,32	22.890	30.389	27.981	76,22	24.074	31.585
Rexión de Murcia	17.914	81,30	15.857	19.504	18.696	81,93	16.641	20.312
A Ríoxa	19.503	80,17	17.247	21.514	20.341	80,86	18.088	22.370
Ceuta	23.439	76,06	19.805	26.037	23.545	77,74	20.198	25.981
Melilla	22.042	84,17	19.844	23.575	22.311	85,48	20.301	23.750
Total	20.503	79,71	18.047	22.640	21.519	80,13	19.011	23.724

(*) Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home.
Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2021.

No [cadro 5.40](#) apreciamos que as diferenzas salariais non son iguais segundo que rama de actividade económica se trate. As maiores diferenzas aprécianse na ramas de outros servizos persoais e de ocio cun 29% menos, seguido de servizos a empresas, onde a muller gaña un 26,5% menos que o home e comercio cun 26,1% menos. As menores diferenzas encontrámolos en construción e servizos inmobiliarios, onde a muller percibe o 90,5% do salario masculino, probablemente porque as poucas mulleres que traballan neste sector fano como tituladas superiores; e en servizos sociais con 83,5%.

Hai que ter en conta que estas diferenzas salariais están provocadas en boa medida porque a muller está contratada nunha maior proporción a tempo parcial, con contratos temporais, que se incorporan máis tarde ao mercado laboral e que interrompen a súa vida profesional para a atención dos fillos e fillas ou de persoas dependentes.

CADRO 5.40. SALARIOS MEDIOS POR SECTOR DE ACTIVIDADE ECONÓMICA E SEXO.
GALICIA/ESPAÑA. 2021

	España		Galicia		%(*)
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	
Agricultura, gandaría, selvicultura e pesca	6.645	10.076	13.351	17.369	76,87
Industria extractiva, enerxía e auga	25.556	31.348	24.515	31.013	79,05
Industria	21.262	27.173	18.919	24.464	77,33
Construción e servizos inmobiliarios	19.122	20.207	18.340	20.263	90,51
Comercio, reparacións e transporte	16.152	22.444	16.100	21.783	73,91
Información e comunicacións	28.603	36.423	22.545	28.880	78,06
Entidades financeiras e aseguradoras	36.710	51.925	30.104	40.440	74,44
Servizos ás empresas	16.095	22.693	14.027	19.073	73,54
Servizos sociais	24.737	30.175	24.994	29.934	83,50
Outros servizos persoais e de ocio	9.037	12.890	8.265	11.638	71,02

(*) Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home en Galicia.
Fonte: Elaboración propia cos datos do nforme "Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2021".

A partir dos datos facilitados pola Axencia Tributaria observamos que en 2021 o 20,7% das mulleres (23,3% en 2020) tiveron ingresos por salarios inferiores ao 50% do salario mínimo interprofesional (SMI) e o 21,7% (23,4% en 2020) tivéronos entre o 50% e o 100%. Isto supón que o 42,4% (46,7% en 2020) das mulleres tiveron en 2021 ingresos non superiores ao SMI. Os homes con salarios inferiores ao 50% do SMI foron o 15% (16,8% en 2020) e con salarios entre o 50% e o 100% foron o 14% (15,7% en 2020), mellores datos que no grupo de mulleres. Cos salarios máis altos acontece á inversa, é unha porcentaxe moi baixa de mulleres as que perciben salarios altos. Só 344 mulleres tiveron salarios 10 veces superiores ao SMI, fronte a 1.649 homes.

CADRO 5.41. POBOACIÓN ASALARIADA POR TRAMOS DE SALARIO E SEXO.
GALICIA. 2019-2021

	2021		2020		2019	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
De 0 a 0,5 SMI	81.205	103.463	89.801	113.805	83.064	104.569
De 0,5 a 1 SMI	76.276	108.410	84.158	114.405	71.328	104.656
De 1 a 1,5 SMI	133.487	115.664	131.502	100.643	131.378	123.046
De 1,5 a 2 SMI	100.795	64.536	90.325	58.387	107.141	65.258
De 2 a 2,5 SMI	49.821	34.813	44.617	32.886	52.120	34.636
De 2,5 a 3 SMI	37.879	31.092	35.338	28.829	39.464	28.894
De 3 a 3,5 SMI	22.133	18.135	21.254	17.650	23.267	18.324
De 3,5 a 4 SMI	13.246	9.091	12.185	7.927	14.408	9.579
De 4 a 4,5 SMI	8.055	4.321	7.700	4.046	8.714	4.424
De 4,5 a 5 SMI	5.356	3.277	5.023	3.029	5.872	3.188
De 5 a 7,5 SMI	10.733	6.096	10.247	5.575	11.646	6.041
De 7,5 a 10 SMI	2.187	749	1.959	606	2.399	710
Máis de 10 SMI	1.649	344	1.520	325	1.764	393
Total	542.822	499.991	535.629	488.113	552.565	503.718

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de Traballo e pensións nas fontes tributarias: 2021.

A Enquisa anual de estrutura salarial do ano 2021 do INE, última dispoñible, confirma os datos anteriores. En Galicia o salario medio bruto anual total en 2021 do colectivo feminino foi de 20.904,37 € (20.446,53 € en 2020). Se distinguimos entre tipo de contrato a media foi de 21.572,56 euros para os contratos indefinidos e 18.199,98 euros para os de duración determinada e no colectivo masculino foi de 25.794,19 euros, distribuídos en 27.143,19 euros para os contratos indefinidos e 19.164,46 euros para os de duración determinada. Isto supón que as mulleres galegas en 2021 percibiron unhas retribucións un 18,9% menores que as dos homes (19,10 en 2020), diferenza que no caso dos contratos indefinidos alcanza o 20,5% (20,1% en 2019). A pesar de ser altas as diferenzas o dato positivo é que se acortan as distancias. En España a media salarial bruta das mulleres en 2021 foi de 23.175,95 euros, fronte aos 28.388,69 dos salarios masculinos, o que reflicte unha diferenza en contra do salario feminino de 18,3%. Nas contratacións indefinidas, esta diferenza desfavorable para as mulleres chega ao 19,9%.

CADRO 5.42. SALARIO BRUTO ANUAL POR TIPO DE CONTRATO (EUROS). POR SEXO E COMUNIDADES AUTÓNOMAS.
2021

Homes	Total	Indefinido	Duración determinada	Mulleres	Total	Indefinido	Duración determinada
Andalucía	25.464,78	27.027,06	20.212,51	Andalucía	20.427,80	21.351,20	17.587,75
Aragón	27.389,18	28.976,80	18.879,71	Aragón	22.283,81	23.031,66	18.598,16
Asturias	28.399,51	29.838,45	22.012,51	Asturias	21.808,96	23.023,08	16.423,36
Baleares	25.898,51	27.414,95	19.374,45	Baleares	22.344,76	22.847,54	20.142,90
Canarias	23.619,76	24.457,30	20.130,37	Canarias	21.178,57	21.162,48	21.244,56
Cantabria	27.233,75	28.831,44	18.604,28	Cantabria	21.532,96	22.064,74	19.532,77
Castela e León	26.263,49	27.767,07	19.187,21	Castela e León	20.795,39	21.015,04	19.985,18
Castela-A Mancha	24.897,33	25.926,13	20.980,36	Castela-A Mancha	21.154,58	21.362,27	20.508,00
Cataluña	31.212,67	32.977,68	20.842,07	Cataluña	25.015,94	25.876,44	20.466,96
C. Valenciana	25.914,86	27.325,77	19.754,44	C. Valenciana	20.670,50	21.752,59	15.877,41
Extremadura	22.794,52	24.433,62	16.897,61	Extremadura	19.833,03	21.658,93	14.463,23
Galicia	25.794,19	27.143,19	19.164,46	Galicia	20.904,37	21.572,56	18.199,98
Madrid	32.213,88	34.023,20	20.426,78	Madrid	26.578,07	27.711,53	20.037,91
Murcia	25.674,66	26.741,64	21.559,84	Murcia	20.189,83	20.637,67	18.675,66
Navarra	31.643,22	33.496,26	22.103,54	Navarra	24.809,14	25.463,64	22.795,95
País Vasco	33.706,34	35.416,96	24.350,03	País Vasco	28.084,16	28.432,08	26.503,37
A Rioxa	26.488,06	27.520,52	20.968,58	A Rioxa	21.135,77	21.335,10	20.289,25
España	28.388,69	30.063,89	20.374,70	España	23.175,95	24.073,79	19.309,77

Fonte: INE, Enquisa anual de estrutura salarial.

5.9. PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO

Os datos proporcionados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social (MITES) para a elaboración deste apartado non están desagregados por CC.AA, polo que, aínda que fagamos referencia ás súas táboas estatísticas, imos utilizar tamén o informe da Axencia Tributaria “Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2021”.

O número de perceptoras de prestacións de desemprego, segundo as estatísticas do Anuario de estadísticas laborais e de asuntos sociais do MITES, foi lixeiramente superior ao dos homes no nivel contributivo e no asistencial, existindo moita máis diferenza en renda activa de inserción, máis mulleres que homes.

En 2022 percibiron prestación de nivel contributivo 395.816 mulleres, o que supón o 51% del total, fronte a 377.412 homes. É destacable a melloría nos datos das perceptoras de prestación contributiva polo que supón da súa orixe como traballadoras e cotizantes, non é unha prestación asistencial que non requira de cotizacións.


En 2022 percibiron prestacións de nivel asistencial 500.852 mulleres (544.141 en 2021), fronte a 381.733 homes (425.271 en 2021).

Neste mesmo ano 72.080 (92.499 en 2021) mulleres percibiron a renda activa de inserción, fronte a 34.023 homes (51.573 en 2020). Esta e a prestación con maior diferenza por xénero.

Segundo O informe da Axencia Tributaria “Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2021” e tendo en conta todas as CC.AA. o importe da prestación media anual é inferior no colectivo feminino, 3.462 euros en 2021 fronte aos 3.692 dos homes. En Galicia a media anual chegou en 2021 aos 3.203 euros para as mulleres e aos 3.500 euros para os homes, polo tanto existe unha diferenza en prexuízo do grupo de mulleres de 297 euros anuais como media, subindo lixeiramente a distancia entre os dous colectivos.

CADRO 5.43. PRESTACIÓN MEDIA ANUAL. SEGUNDO SEXO E IDADE. ESPAÑA. 2018-2021							
Homes	2018	Homes	2019	Homes	2020	Homes	2021
menor de 26 años	2.088	menor de 26 años	2.246	menor de 26 años	2.728	menor de 26 años	2.460
26 a 35 años	2.697	26 a 35 años	2.818	26 a 35 años	3.402	26 a 35 años	3.154
36 a 45 años	2.981	36 a 45 años	3.146	36 a 45 años	3.655	36 a 45 años	3.603
46 a 55 años	2.949	46 a 55 años	3.227	46 a 55 años	3.776	46 a 55 años	3.805
55 e máis anos	3.792	55 e máis anos	4.085	55 e máis anos	4.342	55 e máis anos	4.567
Total	3.126	Total	3.226	Total	3.674	Total	3.692
Mulleres	2018	Mulleres	2019	Mulleres	2020	Mulleres	2021
menor de 26 años	2.039	menor de 26 años	2.133	menor de 26 años	2.540	menor de 26 años	2.262
26 a 35 años	2.673	26 a 35 años	2.788	26 a 35 años	3.350	26 a 35 años	3.056
36 a 45 años	2.920	36 a 45 años	3.013	36 a 45 años	3.607	36 a 45 años	3.483
46 a 55 años	2.806	46 a 55 años	2.911	46 a 55 años	3.536	46 a 55 años	3.531
55 e máis anos	2.537	55 e máis anos	3.664	55 e máis anos	3.990	55 e máis anos	4.167
Total	2.866	Total	3.000	Total	3.503	Total	3.462

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de Trabajo e pensións nas fontes tributarias: 2020.



Se comparamos a percepción media feminina en materia de prestacións de desemprego co total do colectivo feminino, as mulleres galegas percibiron 439 euros menos en 2021 que a media de España, mellorando lixeiramente a súa posición con respecto a outros anos. No caso dos homes galegos a diferenza coa media dos homes España é de 192 euros menos.

Podemos concluír dicindo que a muller galega percibe só o 91,5% das prestacións (93,3% en 2020), comparándoas coas percibidas polos seus compañeiros homes, é dicir, percibe un 8,4% menos, empeorando en comparación ao 2020.

CADRO 5.44. PERCEPCIÓNS MEDIAS DE PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO. POR SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMA DA PERSOA PERCEPTORA. GALICIA/ESPAÑA. 2020-2021						
	Prestación media anual					
	2021			2020		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Andalucía	3.329	3.418	3.246	3.437	3.522	3.348
Aragón	3.306	3.305	3.307	3.232	3.244	3.218
Asturias	3.331	3.564	3.111	3.408	3.608	3.192
Baleares	4.765	4.702	4.825	5.168	5.063	5.273
Canarias	4.112	4.289	3.941	4.321	4.480	4.163
Cantabria	3.292	3.449	3.139	3.227	3.327	3.119
Castela e León	3.343	3.454	3.238	3.262	3.308	3.213
Castela-A Mancha	3.292	3.424	3.170	3.265	3.348	3.173
Cataluña	3.820	3.957	3.687	3.780	3.845	3.710
C. Valenciana	3.302	3.449	3.166	3.275	3.360	3.186
Extremadura	3.110	3.153	3.072	3.108	3.175	3.041
Galicia	3.345	3.500	3.203	3.307	3.420	3.193
Madrid	4.037	4.176	3.911	3.832	3.962	3.704
Murcia	3.038	3.167	2.908	3.024	3.159	2.881
A Rioxa	3.128	3.259	3.012	3.107	3.097	3.117
Ceuta	3.420	3.720	3.151	3.322	3.562	3.090
Melilla	3.316	3.719	2.925	3.358	3.662	3.041
España	3.573	3.692	3.642	3.590	3.674	3.503

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2021.

Facendo unha análise da nacionalidade das persoas perceptoras en Galicia, observamos que cando a nacionalidade é española a diferenza nas percepcións das mulleres con respecto aos varóns é superior, chegando a percibir un 8,7% menos, mentres que, se a orixe é estranxeira, a diferenza redúcese ata un 5,9% menos.

A diferenza estriba na nacionalidade de orixe, xa que os homes non españois perciben unhas prestacións inferiores ás dos homes galegos (13,8% menos), mentres que as mulleres non españolas, con respecto ás mulleres galegas, teñen uns ingresos en concepto de desemprego do 11% menos.

Esta análise volve reafirmar a idea de que, con independencia da orixe, nacionalidade, formación..., o colectivo de mulleres sempre está por debaixo do de homes.

CADRO 5.45. POBOACIÓN DESEMPREGADA E PRESTACIÓNS MEDIAS POR NACIONALIDADE E SEXO DA PERSOA PERCEPTORA. GALICIA/ESPAÑA. 2020-2021												
	2021						2020					
	Poboación desempregada			Prestación media anual			Poboación desempregada			Prestación media anual		
	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Media total	Mulleres	Homes	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Media total	Mulleres	Homes
España												
Española	4.740.048	2.488.726	2.251.322	3.582	3.467	3.709	6.823.815	3.390.421	3.433.394	3.575	3.485	3.664
Estranxeira	846.943	387.992	458.951	3.526	3.432	3.605	1.124.630	503.969	620.661	3.681	3.622	3.729
Galicia												
Española	269.282	141.365	127.917	3.371	3.223	3.533	392.580	195.814	196.766	3.316	3.199	3.433
Estranxeira	17.803	8.651	9.152	2.956	2.863	3.043	23.326	10.823	12.503	3.158	3.081	2.718

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias.

5.10. PENSÍONS

Para unha primeira análise utilizaremos os datos proporcionados polo MITES nas súas estatísticas do 2022. Faremos unha primeira análise das pensións contributivas.

O número de pensionistas mulleres (4.468.962 en 2022) en toda España é lixeiramente inferior ao de homes (4.598.430), mentres que en Galicia é lixeiramente superior: 415.999 mulleres e 354.117 homes. É máis destacable que se ben no colectivo masculino as pensións de xubilación, que requiren unha cotización previa, supoñen un 77,5% do total das pensións do grupo de homes galegos, no grupo de mulleres só alcanzan un 50,3%, mentres que as de viuvez son percibidas por mulleres no 90% dos casos e estas pensións supoñen o 39,8% do total das pensións femininas e son de menor importe que as de xubilación o incapacidade.

En relación co importe medio mensual podemos dicir que en Galicia as pensións percibidas polas mulleres en 2022 son 391,23 € menos que as dos homes (376,2 € en 2021), ou o que é o mesmo, un 34% menores (mulleres, 757,05 €; homes, 1.148,28 €). Esta diferenza aínda é maior se comparamos as pensións de xubilación. Así unha pensio-nista de xubilación muller percibiría 433,76 € menos que un home, un 34,5% menos.

As pensións de viuvez e a favor de familiares son lixeiramente superiores no caso das mulleres.

CADRO 5.46. PENSIÓN CONTRIBUTIVAS E IMPORTE MEDIO E PENSIONISTAS SEGUNDO CLASE, POR SEXO.
GALICIA. 2021-2022

	2022		2021	
	Importe medio En euros/mes	Nº de pensionistas	Importe medio En euros/mes	Nº de pensionistas
Homes	1.148,28	354.117	1.089,38	354.779
Incapacidade permanente	99.500,00	45.973	954,76	45.857
Xubilación	1.258,34	274.560	1.191,84	275.274
Viuvez	461,78	18.637	438,76	18.607
Orfandade	433,61	12.371	410,86	12.507
En favor de familiares	551,63	2.576	520,87	2.534
Mulleres	757,05	415.999	713,18	414.503
Incapacidade permanente	843,58	25.606	805,89	24.841
Xubilación	824,58	209.560	773,43	207.681
Viuvez	683,87	165.710	648,05	166.900
Orfandade	436,54	10.865	414,23	10.832
En favor de familiares	578,99	4.258	547,26	4.249
Ambos os dous sexos	936,94	770.119	886,68	769.285
Incapacidade permanente	940,83	71.579	902,46	70.698
Xubilación	1.070,58	484.122	1.011,91	482.957
Viuvez	661,42	184.348	627,06	185.508
Orfandade	434,98	23.236	412,42	23.339
En favor de familiares	568,68	6.834	537,40	6.783

Fonte: IGE 2022.

Se a análise a realizamos observando as pensións segundo tramos de contía mensual, por sexo e clase, para todo o territorio das CC.AA, apreciamos que no colectivo de mulleres o número de pensións en tramos inferiores á pensión media (16.236 en 2021) ou que só chegan a ela e do 78%, mentres que no grupo de homes alcanzan o 59.8% de percep-tores en 2021. Na mesma liña só hai 2.732 mulleres coas pensións máis altas fronte a 8.826 homes.

Os datos de Galicia son peores con 84% de mulleres en tramos inferiores a pensión media fronte a un 67% de homes.

CADRO 5.47. PENSIONISTAS, PERCEPCIÓNS DE PENSÍONS MEDIAS POR SEXO E TRAMO DE PENSIÓN. ESPAÑA. 2021

	Total		
	Pensionistas	Pensións por persoa	Pensión media anual
Total	9.517.737	1,13	16.236
De 0 a 0,5 PM	572.477	1,04	2.131
De 0,5 a 1 PM	1.909	1,05	7.465
De 1 a 1,5 PM	2.879.812	1,05	10.900
De 1,5 a 2 PM	1.195.285	1,10	15.882
De 2 a 2,5 PM	858.469	1,14	20.499
De 2,5 a 3 PM	568.999	1,19	25.021
De 3 a 3,5 PM	390.468	1,24	29.712
De 3,5 a 4 PM	440.452	1,29	34.239
De 4 a 4,5 PM	539.329	1,30	38.097
De 4,5 a 5 PM	67.393	2,12	43.187
De 5 a 7,5 PM	72.703	2,31	53.340
De 7,5 a 10 PM	11.970	2,52	77.933
Más de 10 PM	11.558	2,57	164.727

	Homes			Mulleres		
	Pensionistas	Pensións por persoa	Pensión media anual	Pensionistas	Pensións por persoa	Pensión media anual
Total	4.748.565	1,13	18.645	4.769.172	1,12	13.838
De 0 a 0,5 PM	239.737	1,03	2.024	332.740	1,04	2.207
De 0,5 a 1 PM	723.156	1,05	7.499	1.185.666	1,05	7.443
De 1 a 1,5 PM	1.215.309	1,04	11.270	1.664.503	1,06	10.630
De 1,5 a 2 PM	663.258	1,08	15.933	532.027	1,12	15.818
De 2 a 2,5 PM	507.966	1,12	20.533	350.503	1,17	20.450
De 2,5 a 3 PM	354.817	1,17	25.047	214.182	1,21	24.977
De 3 a 3,5 PM	269.954	1,21	29.734	120.214	1,32	29.661
De 3,5 a 4 PM	280.487	1,26	34.308	159.965	1,36	34.118
De 4 a 4,5 PM	373.493	1,25	38.048	165.836	1,42	38.206
De 4,5 a 5 PM	48.963	2,07	43.196	18.430	2,19	43.163
De 5 a 7,5 PM	53.636	2,31	53.373	19.067	2,3	53.249
De 7,5 a 10 PM	8.963	2,54	77.952	3.007	2,45	77.877
Más de 10 PM	8.826	2,58	170.924	2.732	2,55	144.708

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2021.

Para poder facer unha análise por CC.AA. e sexo utilizaremos os datos do informe da Axencia Tributaria “Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2021”.

Cabe sinalar que se ben en Galicia o número de pensionistas (sen distinción polo tipo de pensión) é superior lixeiramente no colectivo feminino (51,5% en 2021), non o son os importes das pensións recibidas, xa que a diferenza chega a un 25,6% menos. No total das CC.AA. o número de mulleres pensionistas chega ao 50% e os importes das pensións son dun 25,7% menos que as dos homes.

A pensión media anual das mulleres pensionistas en Galicia alcanzou en 2021 os 12.419 € fronte aos 16.707 € dos homes, o que supón que as mulleres perciben o 74,3% do importe da pensión masculina ou, o que é o mesmo, un 25,6% menos, o que supón unha significativa diferenza, 4.288 € menos ao ano (4.425 euros menos en 2020).

A muller galega tamén está en desvantaxe se comparamos a súa pensión media con a pensión media das mulleres do resto de CC.AA, con 1.419 euros menos en 2021.

As pensións das mulleres galegas ocupan os lugares máis baixos, despois de Extremadura e Melilla, empeorando a súa posición en relación a anos anteriores.

CADRO 5.48. PENSIÓN MEDIA ANUAL POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS E SEXO.
EXERCICIO 2020-2021

	2020			2021		
	Total	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes
Andalucía	14.430	12.299	16.519	14.688	12.620	16.730
Aragón	17.037	13.925	19.995	17.363	14.405	20.194
Asturias	19.045	14.590	23.194	19.068	15.011	22.934
Baleares	15.492	13.199	17.890	15.755	13.632	18.005
Canarias	14.294	12.426	16.163	14.521	12.856	16.202
Cantabria	17.118	13.994	20.146	17.255	14.259	20.172
Castela e León	15.977	13.291	18.354	16.376	13.822	18.653
Castela-A Mancha	14.144	11.911	15.931	14.519	12.421	16.216
Cataluña	16.995	14.350	19.872	17.454	14.866	20.293
C. Valenciana	14.866	12.532	17.201	15.069	12.880	17.272
Extremadura	13.243	11.642	14.660	13.421	11.980	14.702
Galicia	14.207	12.059	16.484	14.498	12.419	16.707
Madrid	19.299	16.038	22.696	19.627	16.570	22.872
Murcia	14.473	12.189	16.660	14.742	12.557	16.846
A Rioxa	15.859	13.389	18.160	16.216	13.850	18.429
Ceuta	16.327	12.658	20.160	15.996	12.725	19.401
Melilla	15.280	12.036	18.677	15.500	12.380	18.795
Total	15.941	13.412	18.458	16.236	13.838	18.645

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2021

CGRL.GAL/ES

